

SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

ÍNDICE

FINALIDADE E ESTRUTURA DO SISTEMA.....	5
PARTE XERAL.....	7
I.- MARCO XURÍDICO DA RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS XURÍDICAS.....	7
A. Dereito positivo. O Código Penal.....	7
B. As Circulares da Fiscalía Xeral do Estado.....	12
C. O Tribunal Supremo.....	13
D. Estatuto procesal das persoas xurídicas.....	15
E. Normativa específica aplicable á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.....	15
F. O artigo 31 quinques do Código Penal e a Corporación Radio e Televisión de Galicia.....	16
II. PROCESO DE FORMACIÓN DA VONTADE, DE ADOPCIÓN DE DECISIÓN S E DA SÚA EXECUCIÓN NA CORPORACIÓN RÁDIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.....	17
III. CÓDIGO DE CONDUTA.....	22
A. Obxecto e alcance do Código de Conduta.....	22
B. Visión, principios de actuación e valores da Corporación RTVG.....	24
C. Comportamento esperado dos integrantes da Corporación RTVG.....	25
PARTES ESPECIAIS.....	40
I. IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SENSIBLES.....	40
A. Os tipos delituosos susceptibles de ser cometidos polas persoas xurídicas.....	40
B. Procesos e actividades sensibles e os seus correspondentes sistemas de control.....	46
II.- MODELO DE XESTIÓN DOS RECURSOS FINANCIEROS.....	62
A) Modelo de Xestión dos recursos financeiros nun sentido xenérico.....	62
B) Modelo de Xestión dos recursos financeiros especialmente destinados ao funcionamiento do Sistema	63
III.- INCUMPRIMENTO SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS.....	65
IV. POLÍTICAS ESPECÍFICAS DA CORPORACIÓN RTVG.....	67
1. Políticas implementadas á data de elaboración do Sistema de Prevención de Delitos.....	67
1.1. Política de protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e uso de redes sociais.....	67
1.2. Política Publicitaria.....	67
1.3. Política vinculada á protección da infancia.....	68
1.4. Política Prevención de Riscos Laborais.....	68

1.5. Política de Recursos Humanos.....	69
1.6. Política medioambiental.....	70
2. Políticas desenvolvidas co propio Sistema de Prevención de Delitos.....	70
2.1. Política sobre pagamentos inadecuados ou non admisibles.....	70
2.2. Política de Prevención do branqueo de diñeiro.....	76
2.3. Política de relacións coas Administracións Públicas.....	79
2.4. Política de Conflitos de Intereses.....	81
2.5. Política de Contabilidade e Fiscalidade.....	89
V. ÓRGANO DE SUPERVISIÓN.....	92
A) Características, composición e funcionamiento do Órgano de Supervisión.....	92
B) Funcións.....	95
C) Deber de segredo.....	96
VI. SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN: CANLE DE CUMPRIMENTO.....	98
VII.- VERIFICACIÓN E MODIFICACIÓN DO SISTEMA.....	99
VIII. INFORMACIÓN/FORMACIÓN.....	101
ANEXO I.- DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DO SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS.....	102
ANEXO II.- DECLARACIÓN DE CONFLITO DE INTERESES.....	103

VERSIÓN	DATA	DESCRIPCIÓN DA MODIFICACIÓN	APROBACIÓN
1	Mar. 2021	Aprobación Sistema de Prevención de Delitos CRTVG	Director xeral
2	Xan. 2023	Actualización Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que reforma o Código Penal.	Director xeral
3	Nov. 2023	Actualización Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativa e de loita contra a corrupción.	Director xeral

**SISTEMA
DE
PREVENCIÓN DE DELITOS**

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.



FINALIDADE E ESTRUTURA DO SISTEMA

A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., en adiante Corporación RTVG, é consciente de que a adopción e execución con eficacia dun Modelo de Organización e Xestión, e en particular dun Sistema de Prevención de Delitos (en adiante tamén, o “Sistema”) no sentido descrito no artigo 31 bis, apartados 2 e 4 do Código Penal, constitúe unha facultade e non unha obriga; pero, ao mesmo tempo, tamén é consciente de que a adopción e execución con eficacia dun Sistema representa unha oportunidade privilexiada para *“reafirmar unha cultura corporativa de respecto á Lei”* xa que, entre outras vantaxes, permite aproveitar as actividades que se desenvolverán na súa implantación (identificación das actividades sensibles, identificación e análise dos riscos potenciais e do sistema de controis xa existentes) para impulsar de forma proactiva a prevención de delitos mediante o emprego dos recursos utilizados no control dos procesos empresariais.

Na estrutura do presente Sistema de Prevención de Delitos da CORPORACIÓN RTVG destínguense:

Dun lado, unha **“Parte Xeral”** – referida ás seguintes materias: o marco xurídico da responsabilidade penal das persoas xurídicas; o proceso da formación da vontade, de adopción de decisións e da súa execución na Corporación RTVG; e o Código de Conduta.

Doutro lado, unha serie de **“Partes especiais”**, que se refiren á identificación das actividades sensibles; o modelo de xestión dos recursos financeiros; o incumprimento do plan; as políticas específicas da Corporación RTVG; o Órgano de Supervisión; Sistema interno de información -

canle de cumprimento-; as formas de verificación e modificación do Sistema e a formación en materia de prevención de delitos.

Sistema de Prevención de Delitos, na súa integridade, será notificado a todos os integrantes da Corporación RTVG (directivos, traballadores e apoderados) trala súa aprobación polo Director xeral.

A notificación do documento anterior levarase a cabo xunto cos seguintes dous formularios:

- O primeiro conterá unha declaración na que o receptor manifesta: a) que leu coidadosamente a referida documentación; b) que a entendeu; e c) que está de acordo en cumplir cos seus valores e principios (xúntase como **Anexo I**).
- E o segundo conterá as declaracíons relativas a situacíons de conflitos de intereses (xúntase como **Anexo II**).

En todo caso, o Órgano de Supervisión arquivará os formularios cubertos polo persoal, que estarán debidamente asinados coa identificación do seu autor. Estes documentos serán renovados cada vez que exista unha actualización relevante do Sistema.

O Órgano de Supervisión facilitará aos integrantes da Corporación RTVG os documentos anteriores (Código de Conduta, Sistema de Prevención de Delitos, Anexos e formularios) a través da Intranet, instaurando mecanismos que verifiquen a consulta e cumprimento dos mesmos por parte dos seus destinatarios.

PARTE XERAL

I. MARCO XURÍDICO DA RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS XURÍDICAS

A.- Dereito positivo. O Código Penal

O 23 de decembro de 2010 entrou en vigor a **Lei orgánica 5/2010**, de 22 de xuño, pola que se modificaba a Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal (en diante **L.O. 5/2010**). Esta Lei supuxo a introdución no noso Ordenamento Xurídico da responsabilidade penal da persoa xurídica.

O apartado VII do Preámbulo da L.O. 5/2010 tratou de xustificar este xiro copernicano aducindo que eran “*numerosos os instrumentos xurídicos internacionais (os) que demandan unha resposta penal clara para as persoas xurídicas*”. Esta declaración foi moi criticada por canto que o certo e verdade é que, áinda que tales instrumentos xurídicos internacionais demandaban, efectivamente, a esixencia de responsabilidade ás persoas xurídicas respecto de determinadas formas de delito, “*sobre todo naquelhas figuras delituosas onde a posible intervención das mesmas faise más evidente (corrupción no sector privado, nas transaccións comerciais internacionais, pornografia e prostitución infantil, trata de seres humanos, branqueo de capitais, inmigración ilegal, ataques a sistemas informáticos...)*”, non é menos certo que de ningún xeito obrigaban a que dita responsabilidade fose de natureza penal ou, o que é o mesmo, que puidese considerarse que unha empresa é autora dun delito. En todo caso, o lexislador de 2010 elixiu que esa responsabilidade fose penal e ese é o sistema que se mantén dende entón.

O que se acaba de dicir obriga a facer unha primeira precisión sobre a responsabilidade penal das persoas xurídicas. O **art. 31 bis** do Código Penal, introducido pola L.O. 5/2010, considerou que **as persoas xurídicas serían penalmente responsables, pero non de todos os delitos** contidos no Código Penal, senón tan só nos “*supostos –especialmente- previstos neste Código*”. Polo tanto hai unha lista limitada de delitos que son susceptibles de ser cometidos polas persoas xurídicas.

Ata que punto é de vital importancia ter en conta a incidencia do sistema de responsabilidade penal das persoas xurídicas na vida e funcionamento destas faise palpable ao contemplar o novo réxime de sancións previsto no Código Penal.

O cadro de penas establecidas para a persoa xurídica que sexa declarada responsable dun delito caracterízase por prever, en todo caso, unha **sanción pecuniaria**; a pena será, segundo o caso, polo sistema de cotas (“*días multa*”) ou polo sistema de multa proporcional, pero sempre e en todo caso a persoa xurídica declarada penalmente responsable dun delito vai ser castigada cunha multa. E xunto a ela impoñeranse, nos casos previstos polo Código Penal, penas **interdictivas** de dereitos: suspensión de actividades; clausura de locais e establecementos; inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar co sector público, para gozar de beneficios fiscais e da Seguridade Social; intervención xudicial, e ata a disolución da persoa xurídica.

A severidade das sancións resulta non só da expresa previsión legal de que todas teñen a consideración de carácter “grave” (art. 33.7 CP), senón da súa propia entidade. Así a disolución da persoa xurídica sería equiparable á pena de morte para a persoa física, e a pena de multa poderá chegar a ser superior aos 9.000.000 de euros, que é a prevista para a más grave segundo o sistema de cotas, nos casos en que se impoña o multiplicador más alto dos previstos no Código Penal para a multa proporcional, que é de cinco veces o beneficio ou vantaxe obtido, ou o dano ou prexuízo causado.

Cando a nova regulación establecida no ano 2010 non levaba cinco anos de vida, o lexislador optou por determinados axustes que levou a efecto na “*L.O. 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal*”. Esta lei entrou en vigor o 1 de xullo de 2015.

A *L.O. 1/2015* mantén a responsabilidade penal das persoas xurídicas, pero con algunas importantes **novidades**. As liñas principais do novo deseño son:

- As persoas xurídicas son potenciais autoras dalgún dos delitos especialmente previstos ao longo do articulado do Código Penal, nos seguintes casos:

“a) Dos delitos cometidos en nome ou por conta das mesmas, e no seu beneficio directo ou indirecto, polos seus representantes legais ou por

aqueles que actuando individualmente ou como integrantes dun órgano da persoa xurídica, están autorizados para tomar decisións en nome da persoa xurídica ou ostentan facultades de organización e control dentro da mesma.

b) Dos delitos cometidos, no exercicio de actividades sociais e por conta e en beneficio directo ou indirecto das mesmas, por quen, estando sometidos á autoridade das persoas físicas mencionadas no parágrafo anterior, puideron realizar os feitos por incumprirse gravemente por aqueles os deberes de supervisión, vixilancia e control da súa actividade atendidas as concretas circunstancias do caso.”

- En todo caso, a responsabilidade penal da sociedade, ainda que depende da persoa física, segundo se desprende do teor literal do art. 31 bis 1 CP e do Fundamento Xurídico Terceiro da Sentenza do Tribunal Supremo n.º 515/2015, de 2 de setembro (“...a irrelevancia penal do feito de referencia, conducen a declarar tamén extinguida toda responsabilidade criminal respecto da sociedade receptora...”), é unha **responsabilidade autónoma** respecto da persoa física que cometeu o delito, como o acreditan os seguintes aspectos:
 - Pode esixirse “aínda cando a concreta persoa física responsable non fora individualizada ou non fora posible dirixir o procedemento contra ela”, art. 31 ter 1 CP.
 - As circunstancias que modifigan a culpabilidade da persoa física responsable non exclúen a responsabilidade penal da persoa xurídica, art. 31 ter 2 CP.
 - A responsabilidade penal da persoa xurídica tampouco se exclúe polo falecemento da persoa física responsable ou porque esta se subtraeu á acción da Xustiza, art. 31 ter 2 CP.
 - O Código Penal establece unha circunstancia de exención, os Modelos de Organización e Xestión –Modelos de Prevención– (art. 31 bis 2 e 4) e tamén circunstancias de atenuación (art. 31 bis 2 e 4, e art. 31 quater) da responsabilidade penal que son específicas das persoas xurídicas.

- O Código Penal establece ademais un sistema de penas para a persoa xurídica (arts. 33.7; 50.3 e 4; 52.4; 53.5 e 66bis); diferenciado do das persoas físicas.
- Outra das novedades da reforma introducida no ano 2015 refírese á descripción das persoas físicas que poden ser autoras do chamado feito de conexión, presuposto da responsabilidade penal da persoa xurídica. Así, no apartado a) do art. 31 bis 1 CP, xunto aos “*representantes legais*” xa incluídos dende 2010, fálase agora de:
 - Quen “...*actuando individualmente ou como integrantes dun órgano da persoa xurídica, están autorizados para tomar decisións en nome da persoa xurídica...*”, en substitución da anterior redacción que se refería aos “*administradores de feito ou de derecho*”. A falta de pronunciamento xurisprudencial, a Doutrina inclínase por entender que se produciu unha ampliación nas persoas que poden ser autoras dun delito que dea lugar á responsabilidade penal da Sociedade, e que a nova redacción inclúe por suposto aos “*administradores de feito ou de derecho*” e ademais a quen, en dicción da Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado “...*forman parte de órganos sociais con capacidade para tomar decisións, así como aos apoderados singulares e a outras persoas en quen delegaran determinadas funcións.*”
 - Tamén poden dar lugar á responsabilidade penal da Sociedade quen “*ostenta facultades de organización e control dentro da mesma*”, o que se refire, segundo a Circular que se acaba de citar, a un “...*alto número de cargos e mandos intermedios que teñan atribuídas tales facultades, entre elas as medidas de vixilancia e control para previr delitos.*”
 -
 -
 -
 -
 -
 -
 -
 -
 -

- Noutra orde de cousas, a Lei de 2015 substituíu, ao referirse tanto á actuación do persoal de alta dirección como aos dependentes, a expresión “*no seu proveito*” pola de “*no seu beneficio directo ou indirecto*”. A nova locución, como a anterior, non constitúe un elemento subxectivo do inxusto, é dicir, non se ve influída polo feito de que a intención do suxeito fose a de beneficiar a Sociedade ou a de actuar no seu exclusivo beneficio, sempre que a acción, obxectivamente, tenda a beneficiar a Sociedade, e iso aínda que o beneficio non chegue a producirse. Ao anterior debe engadirse que a nova redacción deixa máis claro, se cabe, que a actuación da persoa física non é preciso que estea orientada a reportar á Sociedade unha vantaxe de natureza exclusivamente económica, podendo ser dita vantaxe de calquera outra índole, como por exemplo competitiva ou reputacional. En sentido contrario excluiranse como accións aptas para dar lugar á responsabilidade penal da Sociedade as que non se poidan considerar idóneas en ningún modo, directo ou indirecto, para beneficiar a sociedade.
- A reforma de 2015, nos supostos do apartado b) do art. 31 bis 1 CP, esixe que o delito puidera cometerse pola persoa física ao incumprir polo persoal directivo os “*deberes de supervisión, vixilancia e control* da súa actividade atendidas as concretas circunstancias do caso”. Os devanditos deberes substitúen na nova redacción o “*deber de control*”, o que, considera o Preámbulo da Lei, constitúe unha “*mellora técnica*” coa finalidade de “*delimitar adecuadamente*” o seu contido.
- O **incumprimento** dos “*deberes de supervisión, vixilancia e control*” será **grave**, o que nos leva a pensar que pode orixinarse nestes casos unha tripla responsabilidade: a da persoa física subordinada que executa o feito (art. 31 bis 1 b), a do persoal de alta dirección que omitiu “gravemente” aqueles deberes (art. 31 bis 1 a), que responderá, segundo o caso, como autor en comisión por omisión dun delito doloso ou gravemente imprudente; e por último, a responsabilidade penal da propia persoa xurídica.
- Por último, aínda que quizais sexa o más relevante aos efectos que agora nos ocupan, a L.O. 1/2015 non só pecha, con explícita resposta afirmativa, a cuestión sobre se os Modelos de Prevención de Delitos poden ou non excluir a responsabilidade penal das persoas xurídicas, senón que ademais regula con certo detalle os requisitos que os Modelos teñen que cumplir para alcanzar tal efecto exonerador (apdo. 5 do art. 31 bis CP).

- Máis recentemente, a LO 1/2019, do 20 de febreiro, modificou o Código Penal en materia de Responsabilidade Penal das persoas xurídicas, ampliando, entre outras modificacións, o catálogo de delitos susceptibles de xerar responsabilidade penal das empresas, incluíndo o delito de malversacións de caudais públicos.
- Na mesma liña, a Lei 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, amplía de novo o referido catálogo.
- Cabe destacar pola súa importancia, a Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, que establece para todas as empresas públicas a obrigatoriedade de implantar un sistema interno de información dentro das organizacións para posibilitar a comunicación das ditas informacións, regulando un réxime de protección para os informantes.

B.- As Circulares da Fiscalía Xeral do Estado

A **Fiscalía Xeral do Estado** elaborou a **Circular 1/2011** cuxo contido son unhas “*primeiras pautas esexéticas e aplicativas do novo sistema*” introducido pola *L.O. 5/2010*. Este documento foi valorado como unha ferramenta indispensable para superar “*as dificultades propias da abordaxe dunha normativa totalmente nova e de repercusións prácticas áinda descoñecidas*” ás que alude a propia Circular.

Coa mesma finalidade, tamén para “*calibrar a vixencia da Circular 1/2011*”, a **Fiscalía Xeral do Estado** dirixiu a todos os fiscais a **Circular 1/2016**, na que analiza as reformas no sistema de responsabilidade penal das persoas xurídicas introducido pola *L.O. 1/2015*, entre elas a que adxectiva como “*importante*” modificación do art. 31 bis do Código Penal que incorpora “*unha completa regulación dos «modelos de organización e xestión» cuxa observancia permite exonerar a responsabilidade penal da persoa xurídica*”.

Ambos documentos da Fiscalía Xeral do Estado supoñen unha importante axuda na interpretación das normas que disciplinan a responsabilidade penal das persoas xurídicas sen prexuízo de que, nalgúns aspectos, o seu contido deba ser cuestionado, non só pola manifesta oposición á vontade do lexislador plasmada con claridade meridiana no Preámbulo da L.O. 1/2015, senón que tamén foi contradito polas poucas Sentenzas ata o momento ditadas polo Tribunal Supremo.

C.- O Tribunal Supremo

O Tribunal Supremo, dende a entrada en vigor desta lexislación e na súa función de interpretación da normativa, veu ditando varias sentenzas en relación coa responsabilidade penal das persoas xurídicas.

O primeiro pronunciamento da Sala do Penal do Tribunal Supremo chegou coa **Sentenza núm. 514/2015, do 2 de setembro**, mediante a cal se declarou que, xa se opte por un sistema de responsabilidade por feito propio ou por una fórmula de heterorresponsabilidade, **calquera pronunciamento deberá estar baseado nos principios irrenunciables que informan o derecho penal**. Loxicamente, e como soporte básico, no principio de culpabilidade. Con posterioridade, o Tribunal Supremo tivo oportunidade de entrar máis a fondo desta normativa novedosa por aquel entón, e foi na **Sentenza núm. 154/2016, de 29 de febreiro**, na que afirmou que: “**o fundamento último da responsabilidade penal das persoas xurídicas encóntrase na ausencia de medidas eficaces de prevención e control do seu funcionamento interno**”.

Avanza o Tribunal Supremo na súa función de interpretación da norma, na **Sentenza núm. 221/2016, de 16 de marzo**, que recoñece a **autorresponsabilidade da persoa xurídica** fronte á persoa física. Así mesmo, aclara que a responsabilidade da persoa xurídica deberá facerse descansar nun delito corporativo construído a partir da comisión dun previo delito pola persoa física, pero esixindo ademais a proclamación dun feito propio da persoa xurídica consonte criterios de imputación diferenciados e adaptados á especificidade da persoa colectiva. Por outro lado, na **Sentenza núm. 516/2016, de 13 de xuño**, engade que para a condena dunha persoa xurídica debe de darse un defecto na organización da mesma de maneira que **non se adoptaran as medidas de organización e xestión necesarias**.

A **Sentenza núm. 31/2017, de 26 de xaneiro**, determina as persoas físicas que poden ser autoras do chamado feito de conexión, presuposto da responsabilidade penal da Sociedade. Neste sentido, no apartado a) do art. 31 bis 1 CP, xunto aos “representantes legais” xa incluídos desde 2010, fálase agora de quen “...actuando individualmente ou como integrantes dun órgano da persoa xurídica, están autorizados para tomar decisións en nome da persoa xurídica...” en substitución da anterior redacción que se refería aos “administradores de feito ou de dereito”.

Na **Sentenza núm. 583/2017, de 19 de xullo**, resolvendo os recursos fronte a unha sentenza da Audiencia Nacional, establece a **modulación das penas** cando se condene simultaneamente a persoa física e a sociedade polos mesmos feitos. De tal forma que a suma das contías das respectivas penas resultantes non sexa desproporcionada en relación coa gravidade dos feitos. Así mesmo, pasa a analizar os **elementos necesarios** para que xurda a responsabilidade penal, no caso concreto, da persoa xurídica, sendo estes: (i) comisión dun delito polos administradores e directivos, (ii) proveito ou beneficio para a sociedade, (iii) a persoa xurídica carecía dun sistema efectivo de control implementado para anular ou, polo menos, diminuir eficazmente o risco de comisión no seo da empresa dese delito.

Nos seus últimos pronunciamentos, o Tribunal Supremo veu destacando a importancia dos modelos de organización e xestión para previr a comisión de delitos no seo das organizacións empresariais. En concreto, na **Sentenza núm. 316/2018, de 28 de xuño**, fai alusión á importancia da adopción de códigos éticos ou de bo governo a seguir polos administradores societarios, que marquen unhas pautas de actuación onde prima a transparencia na xestión. Xunto aos códigos, destaca a importancia dos **Compliance programme** como un conxunto de normas de carácter interno, establecidas na empresa a iniciativa do órgano de administración coa finalidade de implementar nela un modelo de organización e xestión eficaz e idóneo, que lle permita mitigar o risco da comisión de delitos e exonerar a empresa e, no seu caso, o **órgano de administración, da responsabilidade penal dos delitos cometidos polos seus directivos e empregados**.

Por outra banda, a **Sentenza núm. 506/2018, de 25 de outubro**, acláranos que, a pesar de que a responsabilidade da persoa xurídica sexa autónoma da responsabilidade da persoa física, si depende da súa conducta, polo que non sendo declarada probada a antixuridicidade da conducta da persoa física, a da persoa xurídica debe manter a mesma solución.

D.- Estatuto procesal das persoas xurídicas

A L.O. 5/2010 naceu cunha carencia que, dada a súa gravidade, debeu subsanarse tan pronto como foi posible, e é que non se preveu expresamente a incidencia que a introdución da responsabilidade penal das persoas xurídicas ía ter no proceso penal. Foi a *Lei 37/2011, de 10 de outubro, de medidas de axilización procesal* a que fixo os retoques imprescindibles na Lei de Axuizamento Criminal para fixar os dereitos, obrigas e garantías da persoa xurídica investigada, e a forma na que intervén no proceso. As sentenzas antes citadas tamén completaron o marco establecido pola Lei, sendo de particular interese cando se refire á forma de designación do representante da persoa xurídica nos casos de colisión de intereses.

E.- Normativa específica aplicable á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

O artigo 34.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia (*Lei 1/1981*) establece que, no marco das normas básicas do Estado, a Comunidade Autónoma pode regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins. En base a esta competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a *Lei 9/1984, de 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia*, que permitiu a posta en marcha duns medios públicos de comunicación audiovisual en lingua galega.

Dende entón, Televisión de Galicia e a Radio Galega contribuíron decisivamente á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e ao impulso da industria audiovisual do país.

Derrogadas tanto a *Lei 4/1980, de 10 de xaneiro, do Estatuto da radio e a televisión*, como a *Lei 46/1983, de 26 de decembro, da terceira canle de televisión*, resultou necesario axeitar o réxime xurídico da entidade prestadora do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia á nova *Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual*, e, más en xeral, ao novo contorno social, económico e técnico.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou a **Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**, pola que se unificaron os tres entes instrumentais existentes (a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A.) nunha única sociedade pública autonómica, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), para gañar en eficacia e capacidade de actuación.

A Corporación RTVG é unha **sociedade mercantil pública autonómica** integrada no sector público autonómico, sen prexuízo das garantías de independencia recollidas na súa lei de creación, tendo personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

A Corporación RTVG é unha sociedade anónima, o seu capital está participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia, goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

F.- O artigo 31 quinquies do Código Penal e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

O vixente artigo 31 quinquies do Código Penal, dispón que:

«1. As disposicións relativas á responsabilidade penal das persoas xurídicas non serán aplicables ao Estado, ás Administracións públicas territoriais e institucionais, aos Organismos Reguladores, as Axencias e Entidades públicas Empresariais, ás organizacións internacionais de dereito público, nin a aquelas outras que exerzan potestades públicas de soberanía ou administrativas.

2. No caso das Sociedades mercantís públicas que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral, soamente lles poderán ser impostas as penas previstas nas letras a) e g) do apartado 7 do artigo 33. Esta limitación non será aplicable cando o xuíz ou tribunal aprecie que se trata dunha forma xurídica creada polos seus promotores, fundadores, administradores ou representantes co propósito de eludir unha eventual responsabilidade penal.»

No substancial, e en todo o que resulta aplicable ao presente Sistema de Prevención de Delitos, este novo precepto introducido pola *L.O. 1/2015* reproduce o contido do artigo 31 bis 5 CP tanto na redacción orixinal da *L.O. 5/2010*, como na posterior modificada pola *L.O. 7/2012* para introducir entre os suxeitos potencialmente responsables os partidos políticos e os sindicatos.

Da lectura do precepto arriba transcrto en principio desprenderíase que a Corporación RTVG, como sociedade mercantil pública, está suxeita a responsabilidade penal, se ben lle resultan aplicables as previsións do artigo 31 quinquies punto 2º en canto ao tipo de penas que lle resultarían impoñibles.

II. PROCESO DE FORMACIÓN DA VONTADE, DE ADOPCIÓN DE DECISIÓN S E DA SÚA EXECUCIÓN NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (Corporación RTVG) constituíuse, por tempo indefinido, mediante a *Lei 9/2011, de 9 de novembro, para a xestión do servizo público de radiodifusión e televisión na Comunidade de Galicia*.

Conta co N.I.F. A- 15073349 e encóntrase inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Folla C-4608, Tomo 1050, Folio 80.

Constitúe o obxecto social da Corporación RTVG a **prestación do servizo público de comunicación audiovisual** nos termos previstos na *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, así como todas aquellas actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual. O seu obxecto social comprende a realización e, no seu caso, comercialización de toda actividade de producción, edición e difusión de canles de radio, televisión e servizos de información a través de programacións diversas dirixidas a todo tipo de público en todo tipo de soportes de comunicación, debendo satisfacer os intereses xerais cubrindo as más diversas materias, así como a comercialización e venda dos seus produtos e servizos e dos seus espazos publicitarios; a distribución, venda e cesión a terceiros dos dereitos de explotación de producións ou obras audiovisuais; a edición de libros e soportes gravados de sons e vídeo, así como a distribución, venda e alugueiro dos mesmos.

No desenvolvemento do seu obxecto social, a Corporación RTVG promoverá e difundirá a cultura e identidade de Galicia e contribuirá ao uso e coñecemento da lingua galega. A lingua da Corporación RTVG é o galego; polo tanto, a prestación do servizo de comunicación audiovisual por parte da dita sociedade e as comunicacións que efectúe ao persoal dependente dela no exercicio das súas tarefas serán en lingua galega.

Cómpre indicar, por outra banda, que a Corporación RTVG desenvolve o seu obxecto social (actividades) a través de (i) Televisión de Galicia (TVG), que emite 24 horas ao día en dúas canles dixitais terrestres e dúas canles por satélite a Europa e América; (ii) Radio Galega (RG) a través de tres canles de radio; (iii) a súa web crtvg.gal.

O capital social da Corporación RTVG ascende actualmente á cantidade de 25.000.000,00 €, subscrito integralmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG estrutúrase en canto ao seu funcionamento, administración xeral, dirección e asesoramento, nos seguintes órganos:

- a) Consello de Administración.
- b) Director xeral.

Actualmente o **Consello de Administración** está integrado por:

- Don Álvaro Alonso Filgueira.
- Don Alfonso Cabaleiro Durán.
- Dona Margarita López Blanco.
- Dona Ana Isabel Peón Piñeiro.
- Dona María Carmen Vidal Lage.
- Dona Irene Viña Bravo.

O **Director xeral** é don Alfonso Sánchez Izquierdo.

O seu **domicilio social** encóntrase fixado no Centro Emisor de San Marcos, Santiago de Compostela.

A Corporación RTVG conta cun cadro de persoal medio, a 31 de decembro de 2022, de 895,5 traballadores e o seguinte organigrama:

Dirección Xeral

Sr. D. Alfonso Sánchez Izquierdo

Director Xeral da CRTG

Sr. D. Xaime Arias Rodríguez

Director do Departamento de Proxección Social

Sra. Dña. Marta Fernández Sánchez

Xefa do servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social

Sra. Dña. Rosa María Vilas Núñez

Directora de Organización e Xestión do Cambio/ Adxunta Dirección Xeral

Área de Xestión Corporativa

Sr. D. Miguel Rodríguez Barrio

Director de División da Área de Xestión Corporativa

Sr. D. Jesús García Porto

Director do Departamento de Asesoría Xurídica

Sr. D. Antonio García Rodríguez

Director do Departamento Económico e de Contabilidade

Sra. Dña. Marisol Pereiro Álvarez

Xefa do servizo de Coordinación e Control de Xestión

Sra. Dña. María Dolores Armada Barreiro

Xefa do servizo de Administración e Facturación

Sr. D. Juan Carlos Gómez Louzao

Subdirector de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns

Sra. Dña. Blanca Esther Franco Reza

Xefa do servizo de Xestión e Servizos Comúns

Sr. D. Víctor Manuel Tubío Villar

Director do Departamento de Recursos Humanos

Sr. D. Jorge Varela Fernández

Xefe do servizo de Coordinación e Apoio Xurídico

Sra. Dña. María Isabel Vázquez Rodríguez

Xefa do servizo de Sistemas da Información de RRHH e Diálogo Social

Sra. Dña. Paula Veloso Pereira

Xefa do servizo de Xestión das Pessoas, Nóminas e Seguridade Social

Sr^a. D^a. María Mercedes Blasco Zas
Xefa do servizo de Formación e Selección

Área de Información e Documentación

Sr^a. D^a. María Concepción Pombo Romero
Directora do Departamento da Área de Información e Documentación

Sr. D. Alejandro López Carballera
Subdirector de Xestión dos Servizos Informativos

Sr^a. D^a. Marta Darriba Quintián
Redactora Xefe

Sr. D. Marcos Sueiro Carballada
Redactor Xefe

Sr^a. D^a. María Jesús López Elvira
Xefa do servizo de Documentación e Arquivo

Sr^a. D^a. Pilar Bermúdez Blanco
Directora Operativa dos Servizos Informativos

Área de Contidos

Sr. D. Fernando Rodríguez Ojea
Director do Departamento da Área de Contidos

Sr^a. D^a. Tania Fernández Lombao
Xefa do servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Sr^a. D^a. Rosa María Sierra Sánchez
Subdirectora de Programación e Emisións

Sr^a. D^a. Montserrat Besada Vergara
Xefa do servizo de Contidos

Sr^a. D^a. Vanessa María Grela López
Xefa do servizo de Programación

Sr^a. D^a. Alba Mancebo Soto
Xefa do servizo de Extensión Audiovisual

Sr. D. Ángel Pérez Florido
Xefe do servizo de Xestión

Área de Soporte Tecnológico e Medios

Srª. Dª. Sara González Otero

Directora do Departamento da Área de Soporte Tecnológico e Medios

Sr. D. Jesús Manuel García Gude

Director do Departamento Técnico e de Sistemas

Sr. D. Jesús Argibay Valiñas

Xefe do servizo de Operacións, Emisións e Mantemento Técnico

Sr. D. Juan Fontenlos del Río

Xefe do servizo de Sistemas

Sr. D. Agustín Deus Sixto

Subdirector de Medios

Sr. D. Alfredo César Malde Correa

Xefe do servizo de Producción e Realización

Área de Innovación e Negocio

Sr. D. José Pereira Fariña

Director do Departamento da Área de Innovación e Negocio

Srª. Dª. Esther Medina Ferreiro

Xefa do servizo de Innovación no Entorno Dixital

A Corporación RTVG ten a súa se central en Santiago de Compostela e cinco delegacións territoriais, cos traballadores que a continuación se indican:

DELEGACIÓN TERRITORIAL	NÚMERO DE TRABALLADORES
Vigo	28
A Coruña	20
Lugo	19
Ourense	20
Madrid	3

Debe sinalarse que as previsións recollidas no Sistema de Prevención de Delitos resultan de aplicación á totalidade dos membros da Corporación RTVG (**administradores, director xeral, apoderados, persoal de alta dirección e traballadores**). Todos eles, por razón do seu cargo ou función, poden ter coñecemento da comisión dun delito ou poden ter contacto con áreas empresariais de risco, sensibles á realización de conductas delituosas. Todos eles, polo tanto, deberán cumplir as obrigas recollidas no Sistema de Prevención de Delitos para previr e impedir a comisión de delitos no seo da Corporación RTVG.

III. CÓDIGO DE CONDUTA

Tomando como referencia os diversos principios que compoñen a conduta e comportamento que caracteriza a Corporación RTVG, preténdese a elaboración dun código mediante o que se dea a coñecer a todos aqueles que a integran así como aos receptores dos seus servizos, o compromiso fundamental de cumplir as leis e principios éticos así como de previr a comisión de delitos no seu seo.

Neste sentido, o contar cun Código de Conduta no que se recollan, entre outras cuestións, os valores e principios que deben guiar a actuación da Corporación RTVG, tanto cara ao interior como cara ao exterior, é unha medida propia non só da política de responsabilidade social, senón tamén de prevención de delitos dentro da entidade, de aí que se inclúa no presente documento.

A continuación, sinalamos o contido do Código de Conduta (versión estendida):

Código de Conduta

A.- Obxecto e alcance do Código de Conduta

O obxecto deste Código de Conduta é poñer en coñecemento dos profesionais que integran a Corporación RTVG os principios de actuación e valores que deben guiar a súa actividade profesional, polo que é necesario que todos eles o lean e compartan.

Neste sentido, o cumprimento deste Código esíxese aos administradores, apoderados, persoal de alta dirección e, en xeral, a todos os traballadores da Corporación RTVG, así como a todos os colaboradores externos. Todos os profesionais que integran a Corporación RTVG están obrigados a revisar o seu comportamento á luz das directrices recollidas no Código e asegurar que as mesmas se cumpran.

Desta forma, toda persoa que se incorpore ou pase a formar parte da Corporación RTVG deberá aceptar os valores, principios e normas de actuación contidas neste Código.

A Corporación RTVG comprométese a instaurar os procedementos axeitados para garantir que os valores e principios indicados sexan respectados por todos os integrantes da Corporación RTVG, incorporando os seus incumplimentos dentro do réxime disciplinario da Corporación RTVG.

Se ben o seu contido non pode abordar todas as situacións posibles que poden xurdir no ámbito profesional, os seus valores e principios presidirán en todo momento a actuación dos membros da Corporación RTVG no cumprimento das súas funcións e nas súas relacións profesionais, respectando sempre o ordenamento xurídico vixente.

Ningún dos obrigados polas disposicións deste Código poderá ampararse no seu contido para violar unha lei, disposición regulamentaria ou outra norma emitida por autoridade competente.

Este Código constitúe a guía de actuación da Corporación.

O presente Código de Conduta, **específico da Corporación RTVG**, complementa o disposto no **Código Ético Institucional da Xunta de Galicia**, aprobado en virtude da Resolución de 8 de setembro de 2014, cuxo contido resulta igualmente aplicable aos integrantes da Corporación RTVG.

B.- Visión, principios de actuación e valores da Corporación RTVG

Visión

A Corporación RTVG está chamada a transformarse nun novo modelo de radio e televisión pública caracterizado pola transparencia, a pluralidade, as boas prácticas e o bo goberno corporativo, sendo ao mesmo tempo sostible e eficiente.

Principios de actuación e Valores da Corporación RTVG

A producción e programación da Corporación RTVG debe axustarse ao cumprimento das súas funcións de servizo público que se concretan nos seguintes principios de actuación:

- a) O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981) e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.
- b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.
- c) O fomento da producción audiovisual propia e de emisións que coadxuen a proxección de Galicia cara ao exterior e de información ás comunidades galegas do exterior.
- d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.
- e) O respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
- f) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.
- g) A protección da xuventude e da infancia.
- h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.
- i) A separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

- I) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio.
- m) A busca do desenvolvemento do sector audiovisual dende o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma.
- n) A garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos.
- ñ) A garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios respecto á programación, a publicidade e as outras modalidades de promoción comercial.
- o) O fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente.
- p) A conservación e custodia dos documentos que de acordo á normativa de patrimonio cultural deban integrar o patrimonio documental de Galicia.

En definitiva, a Corporación RTVG quere ser unha radio e televisión:

- Cercana, próxima, inmediata, atenta.
- Plural, diversa, independente, profesional.
- Transparente, responsable, solidaria, comprometida, emprendedora.

En todo caso, a Corporación RTVG comprométese a actuar con transparencia e pluralidade, mediante a implantación das boas prácticas no sector e do bo governo corporativo.

C.- Comportamento esperado dos integrantes da CORPORACIÓN RTVG.

Neste apartado recollemos os comportamentos esperados das persoas que integran a Corporación RTVG (traballadores, persoal de alta dirección, apoderados e administradores):

- **Igualdade de oportunidades.** A Corporación deberá contar cun Plan de Igualdade de Oportunidades, en cuxo contido se manifestará o obxectivo de formar parte dunha sociedade que aposte pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, non dando cabida a ningún tipo de discriminación na súa filosofía.

Os obxectivos específicos do Plan son os seguintes:

- **Acceso ao emprego:** igualdade de oportunidades no acceso a calquera tipo de posto de traballo dentro da Corporación RTVG, de maneira que se asegure unha política de igualdade e non discriminación.
- **Condicións de traballo e retribución:** aplicación efectiva do principio de igual remuneración por un traballo de igual valor, facendo especial fincapé na non existencia de diferenzas salariais por razón de xénero.
- **Promoción:** obxectividade e non discriminación na promoción evitando requisitos de promoción relacionados directamente co sexo.
- **Formación:** acceso en igualdade á formación, formando a todo o persoal da Corporación RTVG en sensibilización en igualdade de oportunidades e de trato.
- **Conciliación da vida familiar, laboral e persoal:** creando e fomentando accións para favorecer en termos de igualdade a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- **Prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo:** implantándose protocolos de actuación.

A Corporación RTVG garante a efectividade dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación no ámbito da contratación, tanto harmonizada como sen harmonizar, e o respecto á normativa de aplicación na materia en todo momento.

- **Trato entre colaboradores:** Todos os traballadores e colaboradores da Corporación RTVG deben tratarse entre eles con respecto e dignidade. Esta responsabilidade inclúe especialmente evitar condutas que constitúan acoso sexual ou laboral ou que impliquen discriminación por raza, sexo, relixión, opinión política, nacionalidade ou discapacidade.

Tal e como se indicou, a Corporación RTVG rexeita o acoso laboral, en calquera das súas modalidades, é dicir, tanto psicolóxico como sexual, polo que se ten especial cautela na redacción de medidas que teñan por obxecto evitar atentar contra a dignidade da persoa. Por este motivo, e froito do seu compromiso institucional para a erradicación das ditas condutas, a Corporación implantou no seu seo un **Procedemento para a prevención do acoso no traballo** que recolle as actuacións para previr, detectar e resolver as posibles situacións de acoso laboral, sexual por razón de sexo de xénero, así como outras discriminacións que se poidan producir no ámbito da Corporación RTVG.

Do mesmo xeito, espérase que o persoal sexa honesto no trato cos seus compañeiros, cos seus superiores e coas persoas ao seu cargo ou baixo o seu mando. Todos os informes e respuestas a preguntas dentro da organización serán veraces e sen distorsións. No noso trato con externos (institucións públicas ou privadas, outras organizacións, telespectadores ou xente con dereito a recibir información) deberemos ser igualmente veraces nas respuestas, pero sen comprometer, en ningún caso, a Corporación RTVG facilitando información confidencial.

- **Relación con terceiros:** Todo terceiro que actúe en nome da Corporación RTVG comprométese a cumplir coa legalidade vixente, sen que a organización poida iniciar ou continuar calquera relación con aqueles que non teñan intención de coincidir con este principio. O encargo a tales suxeitos de operar en representación o en interese da Corporación RTVG debe ser asignado de forma escrita e establecerse unha cláusula contractual específica que impoña a observancia dos principios éticos e de prevención de delitos adoptados pola organización. O incumprimento deste compromiso terá como consecuencia a resolución, por incumprimento, da relación contractual, sen prexuízo doutras accións que poida adoptar a Corporación RTVG.

Do mesmo xeito, calquera terceiro que actúe en nome da Corporación RTVG debe estar identificado e ser seleccionado con absoluta imparcialidade, autonomía e independencia. Na súa selección debe avaliarse a súa competencia, reputación, capacidade de organización e o cumprimento oportuno das obrigas contractuais.

A contratación de terceiros pode ser necesaria. No entanto, é responsabilidade de todos os membros da Corporación RTVG vixiar que tales persoas cumpran os termos do contrato ou acordo que en cada caso se subscriba.

- **Relación con Institucións e Administracións Públicas:** os tratos con Entidades Institucionais e Administracións Públicas axústanse á legalidade vixente, debendo estar todo o persoal da Corporación RTVG familiarizado coa normativa aplicable.

Nas relacóns con representantes da Administración Pública está prohibido:

- Prometer, dar ou recibir gratificacións, en efectivo ou en especie.
- Ofrecer oportunidades de emprego ou de negocio ou servizos de utilidade persoal a representantes da Administración Pública (aos seus familiares, amigos, etc.).
- Incorrer, nas súas relacóns coa Administración, en gastos de representación inxustificados e con finalidades diferentes á consecución do obxecto social.
- Prestar ou prometer, dar, solicitar ou obter información ou documentos confidenciais ou doutro tipo que poden poñer en perigo a integridade ou a reputación dunha ou ambas partes.

Se se solicitase a calquera ente público subvencións, subsidios, financiamento ou axudas para a Corporación RTVG, todos os suxeitos implicados en tales procedementos deben:

- Cumprir con corrección e veracidade, utilizando e presentando declaracóns e documentos completos e relativos ás actividades para as cales os beneficios poden ser lexitimamente obtidos.
- Destinar as subvencións, unha vez obtidas, ás finalidades para as que foron solicitadas.

En todo caso, a Corporación RTVG fará un uso correcto e responsable do seu orzamento anual.

- **Relacións coa competencia:** O servizo audiovisual e radiofónico que se presta é un modelo plural, cuxos contidos audiovisuais recollen as diversas sensibilidades sociais, tanto maioritarias como minoritarias, cumprindo os estándares de calidade. Damos aos competidores o mesmo respecto e trato que esperamos deles cara a nós. Os nosos colaboradores non deben utilizar métodos ilegais ou inapropiados para obter negocio ou información relativa aos nosos competidores ou o seu negocio.

Do mesmo xeito, a Corporación RTVG compite nos mercados de forma leal, en beneficio dos consumidores e usuarios, cumprindo a normativa en vigor e prohibíndose expresamente o uso de publicidade enganosa. A Corporación RTVG conta cunha política específica en materia de competencia desleal.

En ningún caso, as opinións persoais dos membros da Corporación RTVG vincularán á organización e entenderanse feitas sempre con carácter particular, sen prexuízo das actuacións legais que a Corporación RTVG puidera iniciar fronte ao traballador ou integrante da mesma, no caso de que o seu comportamento poida chegar a prexudicala, e, especialmente, no caso de demostrarse que nas súas relacións coa competencia di actuar, sen ter capacidade para iso, en nome e representación da mesma.

- **Información privilexiada:** todos os membros da Corporación RTVG teñen prohibido:
 - Comprar, vender ou realizar outro tipo de transaccións sobre instrumentos financeiros, directa o indirectamente, por conta propia ou allea, utilizando información privilexiada^{1[1]}.
 - Recomendar ou inducir a terceiros a facer o descrito no punto anterior sobre a base de información privilexiada.

1

[1]

Entendéndose por tal a determinada polo artigo 226 do TRLMV: "Considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto que se refira directa ou indirectamente a un ou varios valores negociables ou instrumentos financeiros dos comprendidos dentro do ámbito de aplicación desta Lei, ou a un ou varios emisores dos citados valores negociables ou instrumentos financeiros, que non se fixera pública e que, de facerse pública, podería influír ou influiría de maneira apreciable sobre a súa cotización nun mercado ou sistema organizado de contratación".

- Divulgar información confidencial fóra da actividade normal de traballo.
- **Seguridade e prevención de riscos laborais:** a Corporación RTVG comprométese a proporcionar condicións de trabalho seguras a todos os seus membros, outorgando unha protección eficaz da súa integridade física e unha axeitada política de prevención de riscos derivados do trabalho. Cada colaborador debe promover esta idea cumprindo, no desempeño das súas funcións, coas metas que en cada momento se establezan en materia de seguridade. A existencia dun Comité de Seguridade e Saúde e un Coordinador asegurarán a consulta regular e periódica das actuacións da organización en materia de prevención de riscos, participando na elaboración e posta en práctica dos plans de prevención e promovendo iniciativas para a efectiva prevención dos riscos

En todo caso, a Corporación RTVG proporciona aos seus traballadores formación en materia de riscos laborais e seguridade, difundindo entre os mesmos o seu Plan de Prevención na materia.

- **Medio Ambiente:** Estamos comprometidos activamente co cumprimento da normativa na materia e promovemos a actitude proactiva dos nosos traballadores e colaboradores nese sentido, sendo a protección do Medio Ambiente e o fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos un dos valores contidos nos Criterios reidores da Dirección Editorial da Corporación RTVG.

A Corporación RTVG realiza un uso eficiente de recursos, procedendo á correcta eliminación ou reciclaxe daqueles residuos que se xeren no funcionamento diario e normal da organización.

- **Responsabilidade Social Corporativa:** A política de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) da Corporación RTVG formúlase e segue a través do **Pacto Mundial das Nacións Unidas**, do que a Corporación RTVG é membro dende o ano 2011 e que establece principios xerais de actuación en materia laboral, medio ambiental e de loita contra a corrupción.

A pertenza ao pacto implica a elaboración dun Informe de Progreso Anual por parte da Corporación RTVG.

Ademais, a Corporación RTVG ten subscrito algunas iniciativas de autorregulación que tamén componen un claro expoñente do seu compromiso coa RSC, como as mencionadas relativas ao medio ambiente, control de contidos, protocolo sobre tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación...

- **Compromiso coa calidad, control do contido e programación:** o modelo de radio e televisión público que caracteriza a Corporación RTVG baséase na transparencia, a pluralidade, a implantación das boas prácticas no sector e do bo goberno corporativo, compaxinando os principios que no sector público disciplinan a xestión e o bo goberno dun órgano independente conformando a sostibilidade e eficiencia.

É por iso que a Corporación RTVG aspira a que a sociedade galega se sinta representada cos contidos audiovisuais emitidos, converténdose nun referente no sector audiovisual autonómico.

A Corporación RTVG está comprometida coa protección do público infantil e xuvenil, para o que establece unha franxa horaria televisiva cunha programación adaptada especialmente para este público.

Na medida na que nos sexa posible, fomentaremos o control parental, de forma que os pais e tutores poidan realizar unha selección crítica dos programas destinados aos menores, mediante a sinalización dos programas co correspondente sistema de clasificación.

- **Coidado dos activos:** os colaboradores e traballadores son o principal activo da Corporación RTVG. Por iso, comprometémonos a colaborar co seu desenvolvemento persoal e profesional, preparación e mellora das súas condicións de traballo e polo tanto da súa calidade de vida. Cada persoa considérase pola súa dignidade e méritos propios.

Á súa vez, as ferramentas, equipos, *know-how* e instalacións son todos eles activos valiosos, sendo responsabilidade de cada colaborador e empregado preservar e protexer os mesmos, así como a información confidencial, velando para que non sexan usados de maneira inadecuada ou postos a disposición de persoas alleas á Corporación RTVG de forma non autorizada.

- **Información confidencial interna:** No exercicio das súas funcións, os traballadores, persoal de alta dirección, apoderados e administradores poden acceder a información confidencial, tanto persoal como profesional (contratos, orzamentos, información salarial de traballadores ou directivos, etc.). Esta información será manexada como confidencial e usada soamente por aquelas áreas de traballo e persoas involucradas.

Todos os integrantes da Corporación RTVG manterán segredo respecto a calquera tipo de información confidencial coñecida, incluso unha vez concluída a relación laboral. Por defecto, toda información da Corporación é confidencial.

- **Información confidencial externa:** a Corporación RTVG nin esixe nin estimula aos seus traballadores ou colaboradores en xeral a divulgar información á que tivera acceso como consecuencia das súas relacións con terceiros.
- **Respecto da Propiedade Intelectual e Industrial de terceiros:** a Corporación RTVG esixe aos seus traballadores respecto dos dereitos de propiedade intelectual e industrial de terceiros, sen que poidan facer uso dos mesmos sen autorización e debendo ter precaución para evitar transferencias involuntarias a través do manexo negligente de información en público (expoñendo información desde ordenadores portátiles a terceiros ou facendo comentarios en público ou presentacións, por exemplo).

Todos os traballadores da Corporación RTVG, con funcións relacionadas cos citados dereitos, deberán axustar o seu comportamento conforme ás seguintes regras:

- Nos casos en que se adquieran dereitos de explotación (reproducción, simple uso, comunicación pública, distribución ou transformación) deberase documentar a dita operación mediante o oportuno contrato que se executará sempre con total respecto á normativa vixente na materia.

- En canto ás obras ou gravacións audiovisuais, a Corporación RTVG manterá o correspondente control documentado sobre os dereitos sobre as mesmas.
- No caso de que exista dúbida sobre se un determinado elemento está protexido pola legislación reguladora da propiedade intelectual ou industrial, poderá realizar a consulta ao Departamento xurídico, ou ben directamente ao Órgano de Supervisión da Corporación RTVG.

Neste sentido, ningún empregado pode facer copias dos documentos internos ou arquivos de información confidencial, salvo no requirido para propósitos laborais.

- **Prevención de conflictos de intereses:** todo membro da Corporación RTVG deberá evitar situacións que puidesen dar lugar a un conflito entre os intereses persoais e os da organización, absténdose de representar a Corporación RTVG e intervir ou influír na toma de decisións en calquera situación na que, directa ou indirectamente, eles mesmos ou un parente próximo tivese un interese persoal. Deberán actuar sempre, no cumprimento das súas responsabilidades, con lealdade e en defensa dos intereses da Corporación RTVG.

En todo caso, os integrantes da Corporación RTVG que puideran verse afectados por un conflito de intereses, comunicarano inmediatamente ao Órgano de Supervisión, previamente á realización da actividade que se trate, co fin de adoptar as decisións oportunas en cada circunstancia concreta e evitar que a súa actuación imparcial poida verse comprometida.

- **Seguridade informática:** a Corporación RTVG conta con medidas internas de seguridade informática, relativas ao acceso ao propio equipo, rede corporativa, carpetas compartidas e uso de correo electrónico, copia de seguridade e dispositivos extraíbles de almacenamento, recollidas no Documento de Seguridade:
 - **Seguridade de acceso ao propio equipo:** cada un dos equipos dispón dunha clave única de seguridade pertencente a cada usuario para poder acceder aos datos do seu ordenador de traballo.

Os postos de traballo son responsabilidade dos usuarios, que serán quen garantan que a información non poida ser visible para persoas non autorizadas. O usuario deberá manter en segredo as claves de acceso aos sistemas para os cales estea autorizado, sendo responsable da confidencialidade dos seus contrasinais, así como de cambialos coa periodicidade que se indique no procedemento correspondente.

- **Seguridade de acceso á rede corporativa:** configúrase mediante un Dominio de Windows, que permite controlar os terminais conectados á rede interna (LAN/WAN). Cada usuario está obrigado a utilizar a rede corporativa, a intranet da Corporación RTVG, os seus terminais e os seus datos, sen incorrer en actividades que poidan ser consideradas ilícitas ou ilegais.
- Trabállase con **carpetas compartidas**, recomendando eliminar os datos innecesarios.
- **O acceso a internet** limitáse a temas relacionados coa actividade laboral ou os cometidos do posto de traballo do usuario.
- O uso do correo electrónico ten como única finalidade a realización de actividades que estean directamente relacionados con cada posto de traballo.
- Copia de seguridade: semanalmente realiza unha copia completa e diariamente copias incrementais en cintas de Backup, nunha cabina situada nas instalacións da Corporación RTVG coas correspondentes medidas de control de acceso físico.
- **Dispositivos de almacenamento:** os dispositivos extraíbles de almacenamento que conteñan datos de carácter persoal deberán dispoñer de mecanismos que obstaculicen a súa apertura. Cando as características físicas non permitan adoptar as ditas medidas, o responsable do ficheiro ou tratamento adoptará medidas que impidan o acceso de persoas non autorizadas.

- **Protección de datos persoais:** a Corporación RTVG ten implantada unha política de protección de datos persoais, transmitida ao seu persoal e rexida polos seguintes principios:
 - A Corporación RTVG impulsa a aplicación das novas tecnoloxías sendo consciente dos efectos derivados dunha inadecuada utilización das mesmas.
 - Protección do dereito á intimidade, preservando os datos persoais confiados por traballadores, empresas privadas, institucións públicas e público en xeral. Os traballadores non revelarán datos de carácter persoal obtidos de terceiros para que, de acordo coas leis aplicables, se asegure a privacidade e a confianza depositada na Corporación RTVG.
 - Observancia polo persoal da normativa de protección de datos (á hora da súa recollida, tratamento, almacenaxe, conservación e comunicación).

A protección de datos persoais promóvese na Corporación RTVG mediante a existencia, entre outros, dun “**Documento de seguridade**”, **Auditorías e utilización de cláusulas anexas aos contratos de traballo**.

- **Política de regalos e dádivas:** tal e como se recolle no *Código Ético Institucional da Xunta*, aprobado o 19 de setembro de 2014, o persoal da Corporación RTVG non poderá aceptar, recibir ou solicitar, directamente ou a través de terceiros, e en consideración ao seu cargo ou posto, ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor, calquera que sexa a súa natureza, nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato.
- **Contribucións políticas:** exclúense e prohíbense por completo.

A Corporación RTVG dispón dunha canle específica de denuncias na páxina web da Xunta de Galicia. Nela poderanse efectuar por escrito, de forma anónima ou confidencial, comunicacóns de posibles infraccións do Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. As comunicacóns que se efectúen a través da canle interna de información serán recibidas polo Órgano de Supervisión, como Responsable do sistema interno, na persoa física designada para realizar dita función. A través da páxina web da Corporación RTVG e da intranet corporativa poderase acceder a esta canle.

Tamén se realizarán por correo postal á seguinte dirección:

Órgano de Supervisión; Corporación RTVG, S.A. Bando-San Marcos, s/n
15820 – Santiago de Compostela

Ofrécese tamén a posibilidade de informar sobre infraccións normativas, a pedimento do informante, mediante unha **reunión presencial** co Responsable do Sistema Interno de Información ou coa persoa designada para a xestión do indicado Sistema.

Ademais da versión estendida do Código de Conduta, a Corporación RTVG conta cunha versión breve do mesmo, á que se dá unha **publicidade cercana, inmediata e permanente**, que garante o seu acceso tanto a administradores, Director Xeral, directivos, persoal e terceiros.

Esta versión breve debe estar colocada nun lugar visible dos centros de traballo e publicada na páxina web co obxecto de dar a coñecer a todos os grupos de interese que a Corporación RTVG ten o compromiso fundamental de cumplir as leis e principios éticos, así como de previr a comisión de delitos no seu seo:

Código de Conduta (versión breve)

O Código de Conduta da Corporación RTVG representa un compromiso fundamental da compañía co cumprimento, no desenvolvemento da súa actividade, da legalidade aplicable.

Dito Código de Conduta recolle os valores e comportamentos que deben rexer a actuación dos integrantes da Corporación RTVG.

VALORES:

- a) O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas.
- c) O fomento da producción audiovisual propia e de emisións que coadxuven a proxección de Galicia cara ao exterior.

- d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.
- e) O respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
- f) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres.
- g) A protección da xuventude e da infancia.
- h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.
- i) A separación entre informacións e opinións.
- l) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio.
- m) A busca do desenvolvemento do sector audiovisual dende o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma.
- n) A garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos.
- ñ) A garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios respecto á programación, a publicidade e as outras modalidades de promoción comercial.
- o) O fomento do coñecemento dos valores ecológicos e do respecto e protección do medio ambiente.
- p) A conservación e custodia dos documentos que de acordo á normativa de patrimonio cultural deban integrar o patrimonio documental de Galicia.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN relativos a:

- Igualdade de oportunidades.
- Trato respectuoso e digno entre colaboradores.
- Esixencia e cumprimento da legalidade na relación con consultores, provedores, Administracións Públicas e terceiros.
- Prohibición do uso de información privilexiada.
- Actuación respectuosa no mercado.

- Cumprimento da normativa en materia de Seguridade e Prevención de Riscos Laborais, proporcionando condicións de traballo seguras.
- Calidade na prestación dos servizos e cumprimento da normativa en materia de Medio Ambiente.
- Responsabilidade Social Corporativa.
- Compromiso coa calidade, control do contido e programación.
- Coidado dos activos.
- Segredo respecto a información confidencial propia e de terceiros.
- Respecto á Propiedade Intelectual e Industrial de terceiros.
- Prevención de conflitos de intereses.
- Seguridade informática.
- Protección de Datos Persoais.
- Prohibición xeral de recepción de regalos e dádivas de terceiros.
- Prohibición de contribucións políticas.
- Cumprimento de leis e regulación en xeral.
- Cumprimento do Código de Conduta e Sistema de Prevención de Delitos.

Esixirse, igualmente, que os terceiros cos que a Corporación RTVG colabore cumpran á súa vez coas obrigas mencionadas nos puntos anteriores.

Estes valores e principios de actuación que rexen a actividade da Corporación RTVG encóntranse desenvolvidos na versión estendida do Código de Conduta e Sistema de Prevención de Delitos.

A Corporación RTVG dispón dunha canle específica de denuncias na páxina web da Xunta de Galicia. Nela poderase efectuar por escrito, de forma anónima ou confidencial, comunicacións de posibles infraccións do Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. As comunicacións que se efectúen a través da canle interna de información serán recibidas polo Órgano de Supervisión, como Responsable do sistema interno, na persoa física designada para realizar dita función. A través da páxina web da Corporación RTVG e da intranet corporativa poderase acceder a esta canle.

Tamén se realizarán por correo postal á seguinte dirección:

Secretaria do Órgano de Supervisión

Corporación RTVG, S.A.

Bando-San Marcos, s/n

15820 – Santiago de Compostela

Ofrécese tamén a posibilidade de informar sobre infraccións normativas, a pedimento do informante, mediante unha **reunión presencial** co Responsable do Sistema Interno de Información ou coa persoa designada para a xestión do indicado Sistema.

PARTES ESPECIAIS

I. IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SENSIBLES.

O primeiro dos requisitos esixidos polo Código Penal no apartado 5º do artigo 31 bis aos Modelos de Organización e Xestión a que se refire a condición 1º do apartado 2 do mesmo artigo é que identifiquen as áreas sensibles, na dicción do propio teor legal “*as actividades en cuxo ámbito poidan ser cometidos os delitos que deben ser previdos*”.

A. Os tipos delituosos susceptibles de ser cometidos polas persoas xurídicas

Os concretos delitos que poden xerar responsabilidade penal para as persoas xurídicas cando se dea algúns dos supostos previstos no artigo 31 bis do Código Penal e que están dispersos polo articulado do Libro II do Código, recóllense no seguinte cadro (Circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado).

Delitos	Artigos CP
Tráfico ilegal de órganos humanos	156 bis.3
Contra a integridade moral	173
Trata de seres humanos	177 bis.7
Acoso sexual	184
Prostitución/ explotación sexual/ corrupción de menores	189 bis
Descubrimento e revelación de segredos e ataque informático	197 quinquies
Estafas	251 bis
Frustración da execución	258 ter
Insolvencias punibles	261 bis
Danos informáticos	264 quater
Contra a propiedade intelectual e industrial, o mercado e os consumidores	288
Branqueo de capitais	302.2
Financiamento ilegal dos partidos políticos	304 bis.5
Contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social	310 bis
Contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros	318 bis.5
Urbanización, construcción ou edificación non autorizables	319.4
Contra os recursos naturais e o medio ambiente	328

Relativos ás radiacións ionizantes	343.3
Riscos provocados por explosivos e outros axentes	348.3
Contra a saúde pública	366
Contra a saúde pública (tráfico de drogas)	369 bis
Falsificación de moeda	386.5
Falsificación de tarxetas de crédito e débito e cheques de viaxe	399 bis
Suborno	427 bis
Tráfico de influencias	430
Malversación de caudais públicos	435
Delitos de odio e enaltecimiento	510 bis
Financiamento do terrorismo	576
Delitos de terrorismo	580 bis
Contrabando	(L.O. 6/2011 que modifica a L.O. 12/1995 de represión do contrabando)

A comisión, consumada ou simplemente intentada, dalgún dos delitos da lista anterior comporta a imposición, en todo caso, dunha pena de multa e, nos casos más graves, ademais, unha pena privativa de dereito –interdictiva– que en orde de menor a maior gravidade pode consistir na intervención xudicial; a inhabilitación para obter axudas e subvencións públicas; a prohibición, temporal ou definitiva, de realizar no futuro as actividades en cuxo exercicio tivera lugar o delito; a clausura dos locais ou establecementos; a suspensión das súas actividades ou a disolución da persoa xurídica (art. 33.7 CP).

Xunto á responsabilidade penal das persoas xurídicas establecida polo artigo 31 bis CP non debe esquecerse o disposto no art. 129 CP, que recolle o réxime de **consecuencias accesorias** (a suspensión de actividades, a clausura de locais e establecementos, a prohibición de realizar determinadas actividades, inhabilitación para subvencións e axudas públicas e a intervención xudicial), aplicable (i) no caso de delitos cometidos no seo, coa colaboración, a través ou por medio de entes carentes de personalidade xurídica e (ii) ás persoas xurídicas, no caso dos seguintes delitos:

Delitos	Artigos CP
Relativos á manipulación xenética	162
Alteración de prezos en concursos e poxas públicas	262
Negativa a actuacións inspectoras	294
Delitos contra os dereitos dos traballadores	318
Falsificación de moeda	386.4
Asociación ilícita	520
Organización e grupos criminais e organizacións e grupos terroristas	570 quater

A principal actividade que desenvolve a Corporación RTVG actualmente é:

- Prestar un servizo público de comunicación audiovisual, así como todas aquelas actividades necesarias para o exercicio das súas funciones de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.
- Realizar e, no seu caso, comercializar toda actividade de producción, edición e difusión de canles de radio, televisión e servizos de información a través de programacións diversas dirixidas a todo tipo de público en todo tipo de soportes de comunicación debendo satisfacer os intereses xerais cubrindo as más diversos xéneros, así como a comercialización e venda dos seus produtos e servizos e dos seus espazos publicitarios; a distribución, venda e cesión a terceiros dos dereitos de explotación de producións ou obras audiovisuais; a edición de libros e soportes gravados de sons e vídeo, así como a distribución, venda e alugueiro dos mesmos.
- Promover e difundir a cultura e identidade de Galicia, contribuíndo ao uso e coñecemento da lingua galega.

Atendendo á actividade desenvolvida pola Corporación RTVG, é necesario resaltar as seguintes cuestións, con transcendencia á hora de valorar os “*riscos penais*”:

- a) Para o desenvolvemento do seu obxecto social, a Corporación RTVG mantén contactos e negociacións con organismos e institucións, incluídas as Administracións Públicas.

- b) Determinados integrantes da Corporación RTVG contan, para o desenvolvemento das súas funcións, con información de carácter reservado propio e de terceiros, respecto á que se exige un estrito deber de confidencialidade como proporcionar, tanto se a información se encontra en soporte informático como en papel, as adecuadas medidas de almacenamento, custodia e destrucción.
- c) A Corporación RTVG, na súa calidade de poder adxudicador, deberá axustarse á normativa reguladora da contratación no ámbito do sector público no relativo aos procedementos para a adxudicación de contratos. Especialmente, deberanse de respectar os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, así como a non discriminación e igualdade no trato entre os licitadores.
- d) Aquelas actividades desenvolvidas pola Corporación RTVG a través de **colaboracións con terceiras empresas** esixirán unha **verificación ou fiscalización** de que estas cumpren, igualmente, as exigencias legais para o desenvolvemento da súa actividade (en materia de Facenda Pública estatal e autonómica, Seguridade Social, dereitos laborais, medio ambiente, construcción, etc.). Un incumprimento grave, por exemplo, dunha empresa subcontratada podería chegar a derivar responsabilidade penal para a Corporación RTVG por incumprimento dos seus deberes de supervisión, vixilancia e control.
- e) A Corporación RTVG conta cun cadro de persoal medio de 895,5 traballadores a 31 de decembro de 2022, algúns dos cales poden desenvolver a súa actividade no exterior, factor a considerar en materia de **prevención de riscos laborais**.
- f) A Corporación RTVG é un medio público de difusión de contidos audiovisuais e radiofónicos, difundidos a espectadores que comprenden diversos rangos de idade, existindo un potencial risco de emitir **contidos altamente sensibles ao público infantil e xuvenil**, polo que resulta necesario establecer controis sobre aqueles que poidan prexudicar seriamente o seu desenvolvemento físico, mental ou moral.

- g) Intimamente ligado ao anterior, a Corporación RTVG deberá prestar especial atención e coidado a todos aqueles contidos ou noticias que poidan incluír **imaxes, comentarios ou alusións que supoñan unha incitación ou xustificación ao odio racial, xenofobia, antisemitismo e calquera outra forma de odio fundado na intolerancia**. De tal xeito que nun contorno de profesionalidade caracterizado pola prestación de servizos de información se traten de maneira obxectiva temas de contido “sensible”.
- h) A Corporación RTVG, co ánimo de levar a cabo o seu obxecto social, adquire e reproduce, nalgúns casos, obras de terceiros tales como obras cinematográficas ou calquera outras obras audiovisuais, que están ou puideran estar protexidas baixo **dereitos de autor ou de propiedade intelectual**. Do mesmo xeito, deberase prestar especial atención na produción de contidos audiovisuais propios, xa que o seu contido puidera resultar similar a obras alleas protexidas, derivando nunha copia do orixinal.

En materia de protección de propiedade intelectual, é necesario facer especial mención, igualmente, ao necesario respecto dos distintos **dereitos de propiedade intelectual** involucrados na retransmisión dos eventos deportivos a través da Corporación RTVG.

Do mesmo xeito, como medio de difusión e produtora de material audiovisual e radiofónico, a Corporación RTVG publicita e dá a coñecer os seus propios servizos, así como os produtos e servizos de terceiros. Neste sentido, deberá ser especialmente rigorosa na **veracidade da información** que se proporciona sobre os seus propios servizos e contidos publicitarios de terceiros que se verten a través dos seus medios de difusión.

Tendo en conta o anterior (principalmente o obxecto social e a localización das súas actividades), pódese deducir que existe un maior risco de comisión dos seguintes delitos:

- **Corrupción de menores** (art. 189 e seguintes CP).
- **Delitos contra a intimidade e ataque informático** (art. 197 e seguintes CP).
- **Estafas** (art. 248 e seguintes do CP).
- **Frustración da execución e insolvencias punibles** (art. 157 e seguintes CP)

- **Danos informáticos** (art. 264 e seguintes CP)
- **Contra a propiedade industrial, mercado e consumidores** (art. 270 e seguintes CP)
- **Delitos de corrupción nos negócios** (artigos 286 bis e seguintes CP).
- **Receptación e branqueo de capitais** (art. 298 e seguintes CP)
- **Financiamento ilegal de partidos políticos** (art. 304 bis e seguintes CP)
- **Contra a Facenda pública e a Seguridade social** (art. 305 e seguintes CP)
- **Contra os dereitos dos traballadores e dos cidadáns estranxeiros** (art. 311 e seguintes CP)
- **Contra os recursos naturais e o Medio ambiente** (art. 325 e seguintes CP)
- **Falsidate en medios de pagamento** (art. 399 bis CP).
- **Suborno** (artigos 419 e seguintes CP).
- **Tráfico de influencias** (artigos 428 e seguintes CP).
- **Malversación** (art. 432 e seguintes CP).
- **Odio e enaltecedimento** (art. 540 e seguintes CP).
- **Delito contra a integridade moral** (art. 173 e seguintes CP).

Respecto ao resto de delitos, non se descarta a posibilidade da súa comisión, pero existe un menor risco.

Os anteriores riscos penais trataranse de eliminar ben a través das disposicións e medidas recollidas no Sistema de Prevención de Delitos, cando resulte posible establecer procedementos ou normas de actuación xerais, ben formando nas distintas materias os integrantes, en sentido amplio, da Corporación RTVG, ao obxecto de que coñezan de primeira man as súas obrigas e aquelas condutas que resultan contrarias á normativa penal.

É necesario advertir o seguinte: a reforma do Código penal que incluíu o artigo 31 bis fai referencia a unha relación pechada de delitos nos que unha persoa xurídica pode ser tida como responsable. Dito doutra maneira, a Lei non prevé o castigo de *calquera actividade* que poida desenvolver unha persoa xurídica, senón soamente daquelas que sinala expresamente. Así, unha persoa xurídica que desenvolve un obxecto social lícito só pode delinquir nos supostos enunciados ao comezo da presente cláusula.

B. Procesos e actividades sensibles e os seus correspondentes sistemas de control.

Á vista do resultado do anterior apartado, no seguinte listado inclúense non só tipos penais, senón tamén outras condutas cuxa realización ou execución resulta prohibida para traballadores, persoal directivo, administradores e todas aquellas persoas que se encontren baixo a súa autoridade, é dicir, persoas que actúen en nome e representación da Corporación RTVG.

No suposto de detectar a comisión de calquera destas condutas prohibidas, deberase comunicar inmediatamente ao Órgano de Supervisión da Corporación.

Para facilitar a súa comprensión, tratouse de simplificar o teor do Código Penal. En todo caso cítanse entre parénteses os artigos afectados, polo que no caso de dúbida sobre o exposto no presente Sistema deberá acudirse ao propio Código.

Ao mesmo tempo pódese comprobar como se suprimiu a mención a determinados elementos do tipo penal, sendo a razón diso que os comportamentos que se prohíben no presente Sistema non son só os que coincidan cunha modalidade delituosa, senón tamén aqueles que infrinxan normas non penais.

1.- Delitos de corrupción de menores e persoas discapacitadas (artigo 189CP), que, de forma sintetizada, consiste en:

- Captar ou utilizar menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección con fins ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, tanto públicos como privados, ou para elaborar calquera clase de material pornográfico, calquera que sexa o seu soporte, ou financiar calquera destas actividades ou lucrarse con elas.

- Producir, vender, distribuir, exhibir, ofrecer ou facilitar a producción, venda, difusión ou exhibición por calquera medio de pornografía infantil ou en cuxa elaboración fosen utilizadas persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, ou o posuise para estes fins, aínda que o material tivera a súa orixe no estranxeiro ou fora descoñecido.

Considérase pornografia infantil ou en cuxa elaboración fosen utilizadas persoas con discapacidade necesitadas de especial protección:

- Todo material que represente de maneira visual un menor ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección participando nunha conduta sexualmente explícita, real ou simulada.
- Toda representación dos órganos sexuais dun menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección con fins principalmente sexuais.
- Todo material que represente de forma visual unha persoa que pareza ser un menor participando nunha conduta sexualmente explícita, real ou simulada, ou calquera representación dos órganos sexuais dunha persoa que pareza ser un menor, con fins principalmente sexuais, salvo que a persoa que pareza ser un menor resulte ter en realidade dezaoito anos ou máis no momento de obterse as imaxes.
- Imaxes realistas dun menor participando nunha conduta sexualmente explícita ou imaxes realistas dos órganos sexuais dun menor, con fins principalmente sexuais.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de Protección de Datos, aplicación nos seus procesos da Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual; da lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, Código de Autorregulación sobre contidos televisivos e infancia (texto consolidado xullo 2015); política publicitaria e vinculada á protección da infancia, guiada principalmente polo Código de Conduta Publicitaria de AUTOCONTROL (26 de abril de 2011) e polas Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual; Código ético institucional da Xunta de Galicia; Criterios reidores da Dirección Editorial da Corporación; formación en materia de prevención de delitos.

2.- Delitos contra a intimidade e ataque informático (artigos 197 e seguintes CP), que, de forma sintetizada, son os seguintes:

- Descubrir os segredos ou vulnerar a intimidade doutra persoa, apoderándose de calquera tipo de documentos ou efectos persoais (axendas, teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, bolsos, etc.), ou interceptando as súas telecomunicacións, ou utilizando artifícios técnicos de escoita, transmisión, gravación ou reproducción do son ou da imaxe.
- Apoderarse, utilizar ou modificar sen autorización datos reservados de carácter persoal.
- Difundir, revelar ou ceder os datos, feitos ou imaxes captadas a que se refiren os puntos anteriores.
- Dar a coñecer, sen o seu consentimento, imaxes ou gravacións audiovisuais doutro obtidas nun domicilio ou en calquera outro lugar fóra do alcance da mirada de terceiros, aínda que as gravacións foran obtidas co seu permiso.
- Difundir, revelar ou ceder a terceiros, sen o consentimento da persoa afectada, por quien recibira as imaxes ou as gravacións audiovisuais ás que se refire o punto anterior.
- Acceder sen autorización a un sistema informático ou manterse nel en contra da vontade de quen teña o lexítimo dereito a excluílo, vulnerando as medidas de seguridade establecidas.
- Utilizar, sen estar debidamente autorizado, instrumentos técnicos para interceptar transmisións non públicas de datos informáticos.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e uso de redes sociais; instalacións de seguridade axeitadas para o almacenamento de información sensible; ferramentas públicas gratuítas dispoñibles en internet (INCIBE e AEPD); Sistema de auditoría periódica en materia de protección de datos persoais; Control de acceso ás instalacións da Corporación RTVG; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

3.- Estafas (artigos 248 e seguintes CP), que, en síntese, consisten en enganar para que un terceiro realice un acto de disposición en prexuízo propio ou alleo (incluída a manipulación informática para conseguir transferencias non consentidas e o uso de tarxetas de crédito ou débito, cheques de viaxe ou os datos obrantes en calquera deles, para realizar operacións de calquera clase).

Prohibese, conforme ao anterior, usar o diñeiro ou bens entregados por terceiros á Corporación RTVG para fins distintos aos acordados; subscribir obrigas contractuais sabendo de antemán que resulta imposible o seu cumprimento; mentir sobre as condicións dos servizos ofrecidos pola Corporación; simular contratos; allear, gravar ou arrendar activos da corporación sen poder suficiente para iso, etc.

Inclúese, igualmente, a estafa procesal (manipular, nun procedemento xudicial no que sexa parte a Corporación RTVG, as probas coas que se pretenda fundamentar as súas alegacións) ou tratar de enganar o xuíz doutro xeito fraudulento.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

4.- Frustración da execución e insolvencias punibles (artigos 257 e seguintes CP); actuacións entre as que se encontran as seguintes:

- Alzarse con bens da Corporación RTVG en prexuízo dos seus acredores (por exemplo, simulación de vendas, doazóns, etc.).
- Vender, regalar, hipotecar ou levar a cabo calquera outra conduta similar sobre bens da Corporación RTVG para dificultar ou atrasar un embargo ou procedemento similar contra a Corporación RTVG.
- Presentar nalgún dos procedementos a que se refire o parágrafo anterior unha relación de bens incompleta ou falsa.
- Atopándose a Corporación RTVG en situación de insolvencia actual ou inminente, realizar algunha das seguintes condutas:
 - 1^a Ocultar, danar ou destruir bens que estiveran incluídos na masa do concurso no momento da súa apertura.

- 2º Realizar actos de disposición mediante a entrega ou transferencia de diñeiro ou outros activos patrimoniais, ou mediante a asunción de débedas, que non garden proporción coa situación patrimonial da empresa, nin cos seus ingresos, e que carezan de xustificación económica ou vinculada á actividade social.
- 3º Vender bens ou prestar servizos por prezo inferior ao seu custo de adquisición ou producción sen xustificación económica.
- 4º Simular créditos de terceiros ou recoñecer créditos ficticios.
- 5º Incumprir o deber de levar contabilidade, levar sobre contabilidade ou cometer na súa levanza irregularidades.
- 6º Destruír ou alterar os libros contables.
- 7º Ocultar, destruír ou alterar a documentación que a Corporación RTVG está obrigada a conservar.
- 8º Formular as contas anuais ou os libros contables dun xeito contrario á normativa ou incumprir o deber de formular o balance ou o inventario dentro de prazo.
- 9º Calquera outra conduta que constitúa unha infracción do deber de dilixencia na xestión de asuntos económicos.
- 10º Favorecer algúns dos acredores realizando un acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigas destinado a pagar un crédito non esixible ou a facilitarlle unha garantía á que non tiña dereito.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

5.- Danos informáticos (artigos 264 e seguintes CP), como borrar, danar, alterar, suprimir ou facer inaccesibles datos ou programas informáticos, documentos electrónicos ou sistemas informáticos.

Facilitar a terceiros a comisión das condutas anteriores mediante a entrega dun programa informático ou proporcionando un contrasinal de ordenador, un código de acceso ou datos similares que permitan acceder ao sistema de información.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e uso de redes sociais; instalacións de seguridade axeitadas para o almacenamento de información sensible; ferramentas públicas gratuitas dispoñibles en internet (INCIBE e AEPD); Sistema de auditoría periódica de protección de datos persoais; Control de accesos ás instalacións da Corporación RTVG; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

6.- Delitos contra a propiedade intelectual, industrial, o mercado e os consumidores (artigos 270 e seguintes CP), que, en síntese, son os seguintes:

- Reproducir, plaxiar, distribuír, comunicar publicamente ou de calquera outro xeito, explotar economicamente, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica, sen a autorización dos titulares dos correspondentes dereitos.
- Na prestación de servizos da sociedade da información, facilitar de maneira activa e non neutral e sen limitarse a un tratamento simplemente técnico, o acceso ou a localización en Internet de obras ou prestacións obxecto de propiedade intelectual sen a autorización dos titulares dos dereitos, en particular ofrecendo listados ordenados e clasificados de enlaces ás obras, áinda que ditos enlaces foran facilitados inicialmente polos destinatarios dos seus servizos.
- Copiar software (programas informáticos) ou descargar arquivos de Internet sen autorización ou licenza.
- Rexistrar, fabricar, importar, posuír, utilizar, ofrecer ou introducir no comercio obxectos amparados por patentes, modelos de utilidade, modelos ou debuxos industriais, sen consentimento do titular dos dereitos.
- Fabricar, producir, importar, distribuír ou comercializar por xunto produtos que incorporen un signo distintivo idéntico ou confundible cun derecho de propiedade industrial rexistrado, sen consentimento do seu titular (piratería).

- Apoderarse de datos, documentos escritos ou electrónicos, soportes informáticos que conteñan segredos de empresa para a súa revelación, así como a súa difusión ou cesión.
- Publicidade enganosa dos servizos prestados pola Corporación RTVG, realizando alegacións falsas ou manifestando características incertas sobre os mesmos, de maneira que poidan causar un prexuízo grave e manifesto aos consumidores.
- Uso indebido de información privilexiada á que se tivera acceso reservado con ocasión do exercicio da súa actividade profesional ou social, así como a súa obtención sen a correspondente autorización.
- Intentar alterar os prezos que resultasen da libre concorrencia de produtos, mercancías, títulos valores ou instrumentos financeiros, contratos de contado sobre materias primas, índices de referencia, servizos ou calquera outras cousas móbiles o inmóbiles que sexan obxecto de contratación; ou os que intentasen por si, de maneira directa ou indirecta ou a través dun medio de comunicación, por medio de Internet ou mediante o uso de tecnoloxías da información e a comunicación, ou por calquera outro medio, difundir noticias ou rumores ou transmitir sinais falsos ou enganosos sobre persoas ou empresas, ofrecendo a propósito datos económicos falsos co fin de alterar ou preservar o prezo de cotización dun instrumento financeiro ou un contrato de contado sobre materias primas relacionado ou de manipular o cálculo dun índice de referencia; ou os que realizasen transaccións, transmitisen sinais enganosos, ou desenordes de operacións susceptibles de proporcionar indicios falsos ou enganosos sobre a oferta, a demanda ou o prezo dun instrumento financeiro, un contrato de contado sobre materias primas relacionado ou con índices de referencia, ou se asegurasen unha posición dominante no mercado dos ditos instrumentos ou contratos coa finalidade de fixar os seus prezos en niveis anormais ou artificiais.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e uso de redes sociais; instalacións de seguridade axeitadas para o almacenamento de información sensible; ferramentas públicas gratuítas dispoñibles en internet (INCIBE e AEPD); Sistema auditoría periódica de protección de datos persoais; Control de acceso ás instalacións da Corporación RTVG; política de conflitos de intereses; aplicación nos seus procesos da *Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual*; da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia,

Código de Autorregulación sobre contidos televisivos e infancia (texto consolidado xullo 2015); política publicitaria e vinculada á protección da infancia, guiada principalmente polo Código de Conduta Publicitaria de AUTOCONTROL (26 de abril de 2011) e polas Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual; Código ético institucional da Xunta de Galicia; Criterios reitores da Dirección Editorial da Corporación; Procedementos de xestión económica; Normativa de proxectos audiovisuais; formación en materia de prevención de delitos.

7.- Delitos de corrupción nos negócios (artigo 286 bis e seguintes CP), que, en síntese e atendendo ao obxecto social da Corporación RTVG, son os seguintes:

- Recibir, solicitar ou aceptar diñeiro, regalos, descontos, entradas, favores, etc. non xustificados para favorecer indebidamente a outro na contratación de servizos (por exemplo, para adxudicar un contrato).
- Prometer, ofrecer ou conceder a outro diñeiro, regalos, descontos, entradas, favores, etc. como contraprestación para que favoreza indebidamente a Corporación RTVG nas relacións comerciais.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

8.- Da receptación e do delito de branqueo de capitais (artigos 298 e seguintes CP), que, en síntese, son os seguintes:

- Axudar a outro para que se aproveite dos efectos dun delito contra o patrimonio ou a orde socioeconómica, así como recibir, adquirir, ocultar ou traficar con tales efectos.
- Adquirir, posuir, utilizar, converter ou transmitir bens, sabendo que estes teñen a súa orixe nunha actividade delitiva, ou realizar calquera outro acto para ocultar ou encubrir a súa orixe ilícita, ou para axudar a persoa que participara na infracción ou infraccións a eludir as consecuencias legais dos seus actos.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

9.- Financiamento ilegal de partidos políticos (artigos 304 bis e seguintes CP), consistente en realizar doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores con infracción do disposto no artigo 5.1 da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen e procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

10.- Delitos contra a Facenda Pública e Seguridade Social (artigos 305 e seguintes CP) como:

- Defraudar a Facenda Pública (estatal, autonómica, foral, local ou da Unión Europea), eludindo o pagamento de tributos, cantidades retidas ou que se deberan reter ou ingresos a conta, ou facer que a Corporación RTVG obteña indebidamente devolucións ou desfrute de beneficios fiscais, tamén indebidamente.
- Defraudar a Seguridade Social eludindo o pagamento de cotas e conceptos de recadación conxunta, obtendo a Corporación RTVG indebidamente devolucións ou desfrutando de deducións indebidas.
- Obter subvencións, desgravacións ou axudas das Administracións Públicas falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impiden.
- Incumprir a obriga da levanza da contabilidade, libros ou rexistros obligatorios.
- Levar simultaneamente contabilidades distintas que oculten ou simulen a verdadeira situación da empresa.

- Non anotar nos libros obligatorios actos, operacións ou, en xeral, transaccións económicas, ou anotarse con cifras distintas ás verdadeiras (por exemplo, emisión de facturas relativas a servizos non prestados, por importe superior aos servizos executados, etc.).
- Realizar anotacións contables ficticias.
- Obstrución á actividade inspectora ou supervisora.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; Código ético institucional da Xunta de Galicia; política de Recursos Humanos; formación en materia de prevención de delitos.

11.- Delitos contra os dereitos dos traballadores e contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros (artigos 311 e seguintes do Código Penal), que, en síntese, son os seguintes:

- Impoñer aos traballadores da Corporación RTVG condicións laborais ou de Seguridade Social que prexudiquen os dereitos que teñan recoñecidos por disposicións legais, convenios colectivos ou contrato individual.
- Dar ocupación simultaneamente a unha pluralidade de traballadores sen comunicar a súa alta no réxime da Seguridade Social que corresponda ou sen obter a correspondente autorización de traballo.
- Empregar ou dar ocupación a un cidadán estranxeiro ou a menores de idade cando carezan de permiso de traballo.
- Recrutar persoas ou obrigalas a abandonar o seu posto de traballo ofrecendo emprego ou condicións de traballo enganosas ou falsas.
- Favorecer a emigración dalgunha persoa a outro país simulando un contrato ou colocación ou usando outro engano semellante.

- Discriminar no emprego algúna persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalía, por ostentar a representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da organización ou polo uso dalgunha das linguaas oficiais en España.
- Impedir ou limitar o exercicio da liberdade sindical ou o dereito de folga.
- Forzar os traballadores para iniciar ou continuar unha folga.
- Non facilitar os medios necesarios para que os traballadores desempeñen a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene axeitadas (por exemplo, desenvolver traballos sen a formación e coñecementos técnicos necesarios, sen a vixilancia da persoa encargada da seguridade no traballo, etc.).
- Tráfico ilegal de man de obra.
- Obstrución á actividade inspectora ou supervisora na materia.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de Protección de Datos; política de Recursos Humanos; política de prevención de riscos laborais; Código ético institucional da Xunta de Galicia; Criterios retores da Dirección Editorial da Corporación; formación en materia de prevención de delitos.

12.- Delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente (artigos 325 e seguintes do CP), que, en síntese, son os seguintes:

- Realizar ou provocar emisións, vertidos, radiacións, extraccións ou escavacións, soterramentos, ruídos, vibracións, inxeccións ou depósitos na atmosfera, o chan, o subsolo ou as augas, así como as captacións de augas que causen ou poida causar danos substanciais á calidade do aire, do chan ou das augas, ou a animais ou plantas.
- Recoller, transportar, transformar, eliminar ou aproveitar residuos ou non controlar ou non vixiar axeitadamente estas actividades, de xeito que causen ou poidan causar danos substanciais á calidade do aire, do chan ou das augas, ou a animais ou plantas, morte ou lesións graves a persoas, ou poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais.

- Explotar instalacións nas que se realice unha actividade perigosa ou nas que se almacenen ou utilicen substancias ou preparados perigosos de xeito que causen ou poidan causar danos substanciais á calidade do aire, do chan ou das augas, a animais ou plantas, morte ou lesións graves ás persoas, ou poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais.
- Obstruír a actividade inspectora ou supervisora na materia.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política medioambiental; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

13.- Falsidade en medios de pagamento (artigo 399 bis do CP), que, en síntese, consiste en alterar, copiar, reproducir ou de calquera outro xeito falsificar tarxetas de crédito ou débito ou cheques de viaxe.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles na que se inclúen procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; política de Recursos Humanos; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

14.- Delito de suborno (artigos 419 e seguintes CP), que, en síntese, consiste en ofrecer ou entregar dádiva ou favor a unha persoa que participe no exercicio da función pública (ou acceder ás solicitudes dos mesmos) para que:

- Realice un acto, sexa contrario ou non aos deberes inherentes ao seu cargo.
- Non realice ou atrase un acto que deberá practicar.

As condutas anteriores prohíbense especialmente cando teñan relación cun procedemento de contratación, de subvencións ou concertos convocados polas Administracións ou entes públicos nos que sexa parte a Corporación RTVG.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen e procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; política de Recursos Humanos; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

15.- Delito de tráfico de influencias (artigos 428 e seguintes CP), consistente en influír nun funcionario público ou autoridade prevaléndose de calquera situación derivada da súa relación persoal con este ou con outro funcionario público ou autoridade, coa finalidade de conseguir unha resolución que poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para a Corporación RTVG.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de prevención do branqueo de capitais; política sobre pagos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen e procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e de xestión económica; política de conflitos de intereses; política sobre relacións coas Administracións Públicas; política de contabilidade e fiscalidade; política de Recursos Humanos; Código ético institucional da Xunta de Galicia; formación en materia de prevención de delitos.

16.- Delito de malversación (artigo 432 e seguintes CP), castiga fundamentalmente a autoridade ou funcionario público:

- Que, con ánimo de lucro, se apropie ou consinta que un terceiro, con igual ánimo, se apropie do patrimonio público que teña ao seu cargo por razóns das súas funcións ou con ocasión das mesmas.
- Que, sen ánimo de apropiarse del, destine a usos privados o patrimonio público posto ao seu cargo por razón das súas funcións ou con ocasión das mesmas.
- Que, sen estar comprendido nos artigos anteriores, dera ao patrimonio público que administre unha aplicación pública diferente a aquela á que estivera destinado.
- Que, de forma idónea para causar un prexuízo económico á entidade pública da que dependa, e fora dos supostos previstos no artigo 390, falsee a súa contabilidade, os documentos que deban reflectir a súa situación económica ou a información contida nos mesmos.

As anteriores disposicións son extensivas:

- Aos encargados por calquera concepto de fondos, rendas ou efectos das Administracións públicas.
- Aos particulares legalmente designados como depositarios de caudais ou efectos públicos.
- Aos administradores ou depositarios de diñeiro ou bens embargados, secuestrados ou depositados por autoridade pública, aínda que pertenzan a particulares.
- Aos administradores concursais, con relación á masa concursal ou os intereses económicos dos acredores. En particular, considéranse afectados os intereses dos acredores cando de maneira dolosa se alterara a orde de pagamentos dos créditos establecidos na lei.
- Ás persoas xurídicas que de acordo co establecido no artigo 31 bis sexan responsables dos referidos delitos.

Sistemas de control da Corporación RTVG: Política de prevención do branqueo de capitais; Política sobre pagamentos inadecuados/non admisibles, na que se inclúen e procedementos internos en materia de adxudicación de contratos e xestión económica; Política de conflitos de intereses; Política sobre relacións coas Administracións Públicas; Política de contabilidade e fiscalidade; Política de Recursos Humanos; Código ético institucional da Xunta de Galicia; Formación en materia de prevención de delitos.

17. Delitos de odio e enaltecimiento (art. 510 e seguintes CP), que de forma sintetizada consisten en:

- Publicamente fomentar, promover ou incitar directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte do mesmo ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

- Producir, elaborar, posuír coa finalidade de distribuír, facilitar a terceiras persoas o acceso, distribuír, difundir ou vender escritos ou calquera outra clase de material ou soportes que polo seu contido sexan idóneos para fomentar, promover ou incitar directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte do mesmo, ou contra unha persoa determinada por algúns dos motivos expresados no parágrafo anterior.
- Publicamente negar, trivializar gravemente ou enaltecer os delitos de xenocidio, de lesa humanidade ou contra as persoas e bens protexidos no caso de conflito armado, ou enaltecer os seus autores, cando foran cometidos contra un grupo ou unha parte do mesmo, ou contra unha persoa determinada por algúns dos motivos expresados nos dous parágrafos anteriores.
- Lesionar a dignidade das persoas mediante accións que entrañen humillación, menosprezo ou descreto dalgúnha das persoas ou grupos a que se refire o apartado anterior, ou producir, elaborar, posuír coa finalidade de distribuír, facilitar a terceiras persoas o acceso, distribuír, difundir ou vender escritos ou calquera outra clase de material ou soportes que polo seu contido sexan idóneos para lesionar a dignidade das persoas por representar unha grave humillación, menosprezo ou descreto dalgún dos grupos mencionados, ou dalgún dos seus componentes.
- Enaltecer ou xustificar por calquera medio de expresión pública ou de difusión os delitos que foran cometidos contra un grupo, ou contra algúns dos seus integrantes por razón da súa pertenza a aquel polos motivos expresados nos parágrafos anteriores (motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade).
- Enaltecer ou xustificar os autores ou participes dos delitos a que se refire o parágrafo anterior.

Sistemas de control da Corporación RTVG: aplicación no seus procesos da *Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual;* Código de Autorregulación sobre contidos televisivos e infancia (texto consolidado xullo 2015); política publicitaria e vinculada á protección da infancia, guiada principalmente polo Código de Conduta Publicitaria de AUTOCONTROL (26 de abril de 2011) e polas Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual; Código ético institucional da Xunta de Galicia; Criterios retores da Dirección Editorial da Corporación; formación en materia de prevención de delitos.

18. Delito contra a integridade moral (artigo 173 e seguintes CP), que, de forma sintetizada, consiste en :

- No ámbito laboral, inflixir a outra persoa un trato degradante que menoscabe gravemente a súa integridade moral.
- No ámbito de calquera relación laboral ou funcional e prevaléndose da súa relación de superioridade, realizar actos hostis ou humillantes contra outra persoa que, sen constituir trato degradante, supoñan un grave acoso contra a vítima.

Sistemas de control da Corporación RTVG: política de recursos Humanos; política de prevención de riscos laborais; Código Ético institucional da Xunta de Galicia; Criterios retores da dirección editorial da Corporación RTVG; formación en materia de prevención de delitos.

II.- MODELO DE XESTIÓN DOS RECURSOS FINANCIEROS

A exposición de motivos da *Lei Orgánica 1/2015* disciplina por primeira vez no noso dereito os requisitos que deberán cumplir os Modelos de Organización e Xestión como causa de exención da responsabilidade penal das persoas xurídicas, e entre eles inclúe, no número terceiro do apartado 5 do artigo 31 bis, a disposición de “*modelos de xestión dos recursos financeiros axeitados para impedir a comisión dos delitos que deben ser previdos*”. Tan lacónica expresión non encontra desenvolvemento no texto legal, nin se dá explicación sobre ela no preámbulo. E como queira que tampouco a xurisprudencia tivo ocasión, ata o de agora, de pronunciarse ao respecto, deu lugar a que a doutrina se pronunciara de moi diversas maneiras en relación ao que deba entenderse por tal locución: para uns, tratáriase do control da totalidade dos ingresos e gastos da organización, mentres que para outros, faría únicamente referencia a que a organización dedique recursos financeiros suficientes para o funcionamento eficaz do Modelo.

Por este motivo, no presente Sistema, e ata que resulte suficientemente aclarada dita controversia, contemplaranse ambos aspectos.

A) Modelo de Xestión dos recursos financeiros nun sentido xenérico.

Ademais de canto se indica noutras partes do presente documento sobre a xestión dos recursos financeiros, en particular sobre control dos medios de pagamento, considérase peza esencial para o bo funcionamiento do Sistema o que se indica a continuación.

No cumprimento da súa misión, a Corporación RTVG propone garantir a completa transparencia da súa actividade, en particular na xestión dos recursos financeiros; por iso, a súa actuación non só se cinguirá ao cumprimento das disposicións normativas, senón que, ademais, caracterizarase pola claridade e sinxeleza da linguaxe utilizada.

Deste xeito, as contas anuais constituirán unha unidade, deben estar redactadas con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Corporación.

B) Modelo de Xestión dos recursos financeiros especialmente destinados ao funcionamento do Sistema de Prevención de Delitos.

É consubstancial aos Sistemas de Prevención de Delitos eficaces que estean dotados de suficientes recursos financeiros para o seu funcionamento, e esta dotación deberá ser proporcional á totalidade dos recursos financeiros da sociedade, de maneira que o esforzo que realiza na implantación dunha cultura de cumprimento normativo poida considerarse suficientemente relevante de acordo co compromiso adoptado en tal sentido pola dirección da Corporación.

En consecuencia, o Modelo de Xestión dos recursos financeiros deberá reflectir inicialmente os gastos de implantación do Sistema; así como, posteriormente, os gastos destinados á verificación e modificación do Sistema cando fose necesario e calquera outro recurso que fose preciso para atender as demais actividades de prevención, detección e reacción do risco de comisión de delitos.

Por iso, todos os traballadores da Corporación RTVG, cada un dentro das tarefas correspondentes á súa función, estarán obrigados a que todas as operacións estean representadas correcta e oportunamente na contabilidade.

Cada operación debe estar rexistrada e acompañada da oportuna documentación de soporte, de modo que permita:

- Un correcto rexistro contable.
- A determinación da persoa ou persoas que autorizaron a operación.
- A determinación dos diversos niveis de responsabilidade.
- A exacta reconstrucción das operacións co obxectivo de reducir a posibilidade de erros interpretativos.

Cada rexistro contable deberá corresponder exactamente co que resulta da documentación de soporte. Os encargados rexistrarán a documentación de soporte ordenada segundo criterios lóxicos de xeito que sexa facilmente recuperable.

En materia de control dos recursos financeiros da Corporación, deberase ter en conta o control específico pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia e polo Consello de Contas de Galicia.

Se calquera destinatario do Sistema chegase a coñecer omisións, falsidades ou descoidos no rexistro da contabilidade ou da documentación de soporte, deberá informar ao seus superiores ou ao Órgano de Supervisión.

III.- INCUMPRIMENTO SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS

As medidas disciplinarias contra os integrantes da Corporación RTVG que non cumpran o Código de Conduta e, en xeral, o Sistema de Prevención son unha parte esencial da política de Compliance en si. Medidas que se iniciarán con independencia da condición e cargo da persoa que puidera levar a cabo feitos contrarios ao Sistema de Prevención de delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións administrativas graves ou moi graves.

As infraccións posibles inclúen non só participar activamente no incumprimento, senón tamén o non informar de condutas presuntamente infractoras cando se ten coñecemento das mesmas ou o impedir ou tratar de impedir que se informe sobre elas.

A aplicación do réxime disciplinario e das correspondentes sancións é independente do desenvolvemento e do éxito do procedemento penal que, no seu caso, a autoridade xudicial incoara ou vaia incoar contra a Corporación RTVG no caso de que a conduta reprochable cumpra con elementos do tipo dalgún delito relevante dos considerados así polo Código Penal.

O procedemento disciplinario, aplicable tanto a feitos contrarios ao Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións administrativas graves ou moi graves, será instruído conforme ao establecido no convenio colectivo, e do mesmo deberá ter coñecemento constante o Órgano de Supervisión, quen poderá ter no mesmo a intervención que considere pertinente.

A imposición de sancións deixará a salvo o dereito da Corporación RTVG a resarcirse contra o autor polos danos e responsabilidades que se deriven para a sociedade como consecuencia das condutas cometidas infrinxindo o Sistema de Prevención de Delitos:

Traballadores dependentes (persoal directivo e traballadores): os incumprimentos e infraccións levadas a cabo polo persoal dependente darán lugar á aplicación das sancións disciplinarias establecidas no convenio colectivo no caso dos traballadores, e no caso do persoal directivo á aplicación de sancións disciplinarias que lles resulte aplicable e tendo en conta –segundo o caso concreto– a gravidade obxectiva do feito que constitúa a infracción, o grao de culpa, a eventual reincidencia no mesmo comportamento, así como a intencionalidade do suxeito infractor.

Atendendo aos elementos anteriores e á cualificación da infracción como leve, grave ou moi grave, a Corporación RTVG adoptará as sancións tipificadas na lexislación laboral, que irán dende amoestacións verbais ou por escrito ou suspensións de emprego e soldo de curta duración (no caso de infraccións leves) ata suspensións de emprego e soldo de longa duración ou despedimentos disciplinarios (en supostos de maior gravidade, como son, en todo caso, a comisión de feitos delituosos).

As condutas susceptibles de sanción ao amparo do Sistema de Prevención de Delitos serán reconducidas ás infraccións contempladas na lexislación laboral e convenio colectivo aplicable aos traballadores e, consecuentemente, as sancións aparelladas a ditas infraccións serán así mesmo as recollidas na devandita normativa.

Administradores e apoderados: no caso de condutas dun ou máis administradores ou apoderados contravindo o Sistema de Prevención de Delitos, o Órgano de Supervisión comunicarao ao Director xeral ao obxecto de adoptar as medidas oportunas.

Por outra banda, a Corporación RTVG cancelará calquera contrato con terceiros que non actúen de forma coerente con esta política, sen prexuízo daquelas outras accións que sexan pertinentes.

A vulneración das políticas contidas no presente Sistema pode supoñer unha infracción da lei, facendo que a Corporación RTVG poida ser considerada penalmente responsable, co pagamento das correspondentes multas e indemnizacións. Todo iso sen prexuízo da lesión de imaxe presente e futura que ocasionarían tales accións.

IV. POLÍTICAS ESPECÍFICAS DA CORPORACIÓN RTVG

1. Políticas implementadas á data de elaboración do Sistema de Prevención de Delitos.

A Corporación RTVG conta cunha serie de políticas específicas xa implementadas con relevancia en materia de prevención de delitos, as que se encontran plenamente integradas nos seus procesos e procedementos. Dentro das referidas políticas, destacan, entre outras, as seguintes:

1.1.- Política de protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e uso de redes sociais, guiada por:

- Acta de adaptación da Corporación RTVG ao Regulamento Europeo de Protección de datos (22/05/2018).
- Documento de Seguridade Informática, que inclúe un protocolo de Sistemas (Decembro 2020).
- Auditorías externas en materia de LOPD.
- Designación do Delegado de Protección de Datos (22/05/2018).
- Cláusula de protección de datos e de confidencialidade nos anexos dos contratos de traballo.
- Normativa sobre o uso dos sistemas de información (TI).
- Normativa Social Media.

1.2.- Política Publicitaria guiada por:

- Código de Conduta Publicitaria de AUTOCONTROL (26 de abril de 2011).
- Lei de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.
- integración da Corporación RTVG na Asociación Autocontrol de Publicidade.
- Mandato marco da Corporación RTVG (DOG 29 decembro de 2015).
- Instruccións sobre emprazamento publicitario de produto.

- Normativa sobre presentación de proxectos audiovisuais, normativa de uso de logos e normativa reguladora da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG, S.A.
- Criterios retores da Dirección Editorial da Corporación RTVG de 25 de abril de 2018.

1.3.- Política vinculada á protección da infancia, guiada por:

- Código de Autorregulación sobre Contidos Televisivos e Infancia. Criterios orientadores para a clasificación de programas televisivos. Sistema de Cualificación por idades de produtos audiovisuais.
- Criterios retores da Dirección Editorial da Corporación RTVG de 25 de abril de 2018.
- Adhesión por parte da Corporación RTVG ao Código PAOS de hábitos saudables en alimentación infantil.

1.4. Política de Prevención de Riscos Laborais, protexendo activamente a saúde e seguridade laboral, en cumprimento *do art. 16 da Lei 54/2003, de reforma do marco normativo en Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995, de 8 de novembro)*, guiada por:

- Plan de Prevención e Avaliación de Riscos Laborais (2020).
- Procedemento de coordinación de actividades en materia de prevención.
- Informe de riscos por gas radon emitido polo Servizo de Seguridade e Saúde da Corporación RTVG en xaneiro de 2018.
- Avaliación específica de seguridade no traballo (2019).
- Avaliación de exposición ao ruído.
- Consignas de Prevención de Riscos Laborais para Teletraballo.
- Documentación de entrega de EPI's.
- Avaliación de Risco Biolóxico (Coronavirus).

1.5. Política de Recursos Humanos, baseada fundamentalmente en:

- Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que atribúe ao Consello de Administración aprobar as directrices básicas en materia de persoal e o cadre de persoal.
- Organigrama da Corporación RTVG.
- Cadro de persoal de traballadores e descripción de funcións de categorías profesionais.
- Convenio colectivo de aplicación á Corporación RTVG.
- Recomendacións para o tratamento da violencia de xénero aprobadas polo Consello de Administración.
- Recomendacións para o tratamento da discapacidade nos medios de comunicación.
- Adhesión da Corporación RTVG ao Pacto Mundial das Nacións Unidas.
- Política do cadre de persoal en materia de competencia desleal.
- Circular en materia de incompatibilidades.
- Mapa de procesos de producción Corporación RTVG.
- Memorias de formación 2019/2020.
- Plan de Igualdade (actualmente pendente de aprobación polo órgano competente).
- Constitución da Comisión de Igualdade, de 21 de setembro de 2018.
- Regulamento Interno da Comisión de Igualdade, de 23 de xaneiro de 2019, no que se regulan as pautas de traballo, competencias e funcións que rexerán o desenvolvemento e posterior seguimento e avaliación do Plan de Igualdade.
- Protocolo de Acoso no traballo, do 2019.

- Retribucións do Consello de Administración da Corporación RTVG previstas (2021).
- Composición do equipo directivo da Corporación RTVG e retribucións previstas (2021).
- Cargos sindicais da Corporación RTVG e retribucións previstas (2021).
- Documentación relativa á contratación (listados de contratación; informe de RRHH; modelo de comunicación de datos persoais do aspirante: procedemento de xestión de chamamentos.

1.6.- Política medioambiental, a Corporación RTVG establece principios de política ambiental e sensibiliza sobre a responsabilidade ambiental, principalmente:

- Principios de xestión ambiental, publicados no Portal de Transparencia (Resolución da Dirección de Comunicación de 3 de xullo de 2014).
- Política de Reciclaxe, baseada na separación de residuos e eliminación de equipos obsoletos a través de empresas autorizadas, así como no uso das novas tecnoloxías para o aforro de recursos.
- Aplicación de criterios ambientais na compra de produtos e na contratación de servizos.
- Contratos subscritos con empresas autorizadas para a retirada dos diferentes residuos producidos pola Corporación RTVG.

2.- Políticas desenvolvidas co propio Sistema de Prevención de Delitos.

2.1. Política sobre pagamentos inadecuados ou non admisibles.

A Corporación RTVG non admite ningunha forma de corrupción para conseguir os seus fins sociais. Non tolera o suborno, directo e indirecto, a particulares ou a funcionarios e traballadores públicos, nin ningunha actividade co fin de influír indebidamente para que actúen de maneira diferente á obrigas do seu cargo.

Esta política intégrase nas normas de conduta e prácticas autorizadas para pagamentos e contribucións en xeral pola Corporación RTVG, prohibindo pagamentos impropios ou inadecuados en TODAS as súas actividades, xa sexa no sector público ou no privado. A Corporación RTVG non autorizará nin se implicará de ningunha maneira, nin tolerará ningunha práctica que non siga esta política.

Esta política aplícase a TODOS os integrantes da Corporación RTVG, con independencia do seu rango, da súa posición ou da súa situación física.

2.1.1. Contratación con terceiros: A contratación con terceiros independentes farase de forma que sexa coherente con esta política. Na denominación de “*terceiros independentes*” inclúense provedores, consultores, avogados, auditores, representantes, contratistas e calquera outro terceiro que represente ou que pola súa actividade aparente representar ou ter relación coa Corporación RTVG.

Trala entrada en vigor da **Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público**, a contratación da Corporación RTVG axustarase ao disposto nela. Así mesmo atenderase á normativa interna da Corporación RTVG e concretamente aos **“Procedementos de xestión económica”**, todo iso sen prexuízo do control por parte da Intervención xeral previo á adxudicación dos contratos.

En calquera caso, á hora de contratar cun “terceiro independente” considerarase o seguinte:

- Contratar unicamente persoas ou entidades reputadas e cualificadas.
- Entender e obedecer a normativa relativa ao emprego de representantes, axentes e similares.
- Asegurarse de que a retribución polos servizos a prestar por eses terceiros é conforme a mercado ou razonable.
- No caso de empresas subcontratadas, a Corporación RTVG esixirá a documentación acreditativa de que estas teñen en condicións de legalidade aos seus propios traballadores.

- Se se observa algunha cuestión que poida, razoablemente, supoñer unha infracción potencial desta política e na que un representante ou entidade que represente a Corporación RTVG poida estar involucrada, asegurarse de que se investiga e resolve coa maior celeridade posible, a través do Órgano de Supervisión.
- Buscar a axuda do Órgano de Supervisión á hora de actuar coa dilixencia requirida e de resolver problemas con respecto a calquera indicio dunha posible infracción desta política.

En todo caso, a Corporación RTVG espera dos terceiros con quen contrata que acaten as leis dos países nos que operan, sexan socialmente responsables e respecten a ética nas súas prácticas empresariais en coherencia co expresado no Sistema de Prevención de Delitos.

Neste sentido, a contratación con terceiros faise de forma escrita, establecéndose unha cláusula contractual específica que impoña a observancia dos principios éticos e de prevención de delitos adoptados pola Corporación RTVG. O incumplimento deste compromiso terá como consecuencia a resolución, por incumplimento, da relación contractual, sen prexuízo doutras accións que poida adoptar a Corporación RTVG.

2.1.2.- Política de regalos, mostras de cortesía e atencións protocolarias.

A Corporación RTVG réxese polo disposto ao respecto no Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, o cal transcríbese a continuación.

a) Prohibición de regalos e dádivas.

- O persoal da Corporación RTVG non poderá aceptar, recibir ou solicitar, directamente ou a través de terceiros, e en consideración ao seu cargo ou posto, ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor, calquera que sexa a súa natureza, nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato.
- Os obsequios en metálico, calquera que sexa o seu importe, terán sempre a consideración de regalo.

- Para tales efectos, deberase proceder a devolverlos á persoa ou entidade oferente, acompañados dunha notificación por escrito na que se invoque á presente política e o Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, conforme ao formulario tipo que figura no Anexo II do mesmo.

No caso de resultar imposible a súa devolución, deberase proceder á súa oportuna notificación ao órgano competente para que xestione o seu destino, de conformidade co Anexo III do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia

b) Réxime aplicable a mostras de cortesía e atencións protocolarias.

- Unicamente serán consideradas mostras ou atencións de cortesía social e institucional as seguintes:

1. As atencións enmarcadas nos usos habituais e costumes sociais de cortesía. Entenderase que se supera a dita consideración cando se excede o importe **máximo de 90 euros**. No caso de superalo, observarase o disposto no apartado a) para o réxime de devolución.

No caso de dúbida manifesta sobre o importe, a persoa receptora deberá efectuar consulta, segundo o modelo do Anexo IV do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, ao órgano competente, que será o encargado de avaliar se o dito obsequio supera ou non o límite establecido.

A resolución deste órgano terá carácter vinculante. A regularidade ou reiteración deste tipo de atencións por parte da mesma persoa física ou xurídica a un/a mesmo/a destinatario/a significará a perda do carácter de cortesía cando o importe das gratificacións –de forma illada ou acumulada– durante un período de un ano supere o límite económico anteriormente referido.

2. Os obsequios oficiais ou de carácter protocolario que se poidan intercambiar ou recibir en exercicio de misións institucionais entre gobernos e todo tipo de autoridades, así como as atencións enmarcadas en actos públicos ou promocionais. No caso de que excedan os 90 euros, deberán ser oportunamente notificados ao órgano competente para que xestione o seu destino, de conformidade co modelo do Anexo V do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia.

3. As comidas ou hospedaxes ligadas á función do cargo ou posto nos que a dita persoa participe en razón da súa xerarquía e as enmarcadas na programación dun acto público ou visita oficial.
 4. Os artigos de propaganda ou publicidade que pola súa escasa entidade resulte simple discernir sen necesidade de efectuar un xuízo de valor (como axendas, calendarios, bolígrafos, etc.).
 5. Os gastos e atencións derivadas da participación ou presenza en comisións relatoras, congresos, seminarios ou actos similares de carácter científico, técnico ou cultural.
 6. Convites a actos de contido cultural ou a espectáculos públicos cando sexan por razón do cargo ou función que se exerza.
- Os órganos competentes para supervisar o cumprimento da presente política asumirán as funcións de:
- Acreditar as devolucións practicadas.
 - Resolver as consultas sobre o importe das atencións ou obsequios recibidos.
 - Xestionar o destino final das atencións para os casos así explicitados anteriormente, que poderá ser, en función da súa natureza:
 - Organizacións non gobernamentais ou similares.
 - Integración no patrimonio da Comunidade Autónoma.
 - De detectarse unha conduta contraria ás previsións contidas nos apartados a) e b), procederase de inmediato á apertura dunha información reservada, coa finalidade de dilucidar se esta pode ser constitutiva de infracción disciplinaria, de acordo coa normativa vixente que resulte de aplicación en cada caso. A sanción que poida corresponder graduarase en función dos prexuízos que se ocasionen ao interese público, da súa repercusión e da súa entidade.

2.1.3. Doazóns a partidos políticos: prohíbense as doazóns a partidos políticos, de acordo co disposto na *Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos*.

2.1.4. Utilización de tarxetas de crédito ou débito corporativas.

No caso de que a Corporación RTVG teña establecido utilizar tarxetas de crédito ou débito corporativas a nome dalgúns empregados que, debido ás súas funcións teñan asignado o uso deste tipo de tarxetas, estas terán unha cota limitada e están destinadas a cubrir exclusivamente gastos relacionados coa actividade da empresa.

Para o manexo das tarxetas de crédito deberase ter en conta:

- O seu uso é persoal e intransferible.
- No caso de extravío ou furto da tarxeta, o usuario quedará obrigado a formular denuncia e dar aviso de inmediato ao banco respectivo.
- En ningún caso se poderá utilizar a tarxeta de crédito para o pagamento de bens ou servizos persoais.
- Non está permitido solicitar avances en efectivo coa tarxeta de crédito.
- Os pagamentos efectuados coa tarxeta de crédito débense acreditar, entregando materialmente as facturas ou documentos xustificativos do pagamento.
- No caso de tarxetas de combustible, únicamente poderán estar asociadas a unha única matrícula e o seu uso estará limitado aos pagamentos de combustible e peaxes dese vehículo.
- Ao rematar a relación coa empresa, o empregado titular da tarxeta deberá restituíla á empresa.

Responsabilidade dos traballadores respecto á presente política sobre pagamentos e responsabilidade específica de directivos, apoderados e administradores:

a) Todos os traballadores entenderán e manterán ao día o seu coñecemento relativo á política sobre pagamentos inadecuados. No caso de dúbida respecto á actuación a seguir, o empregado poderá dirixirse ao Órgano de Supervisión para resolvela.

b) Sen prexuízo do sinalado anteriormente, os administradores, apoderados e persoal directivo aseguraránse (cada un en función das súas competencias) ademais de:

- Non contratar ou manter contratadas persoas ou empresas colaboradoras a menos que estean convencidos de que cumplirán ou cumpren estas políticas.
- Pagar razonablemente conforme aos servizos que se presten.
- Asegurarse de que os procesos de selección inclúen unha consideración axeitada e clara do obxecto da actividade a desenvolver, credenciais, historial, custo e termos da súa retribución.
- Controlar de cerca, segundo o posto, todo o referente a pagamentos, mostras de cortesía e atencións protocolarias.
- Revisar os casos nos que haxa sospeitas de infracción desta política co Órgano de Supervisión, de maneira que se poida determinar a resposta axeitada da Corporación RTVG e as accións a tomar.

En todo caso, os mandos, se descubren que un membro da Corporación RTVG se involucra en operacións pouco claras ou contrarias a esta política, consultarán o tema co Órgano de Supervisión para tomar as accións oportunas.

Adicionalmente, o Departamento Económico e de Contabilidade deberá asegurarse de que se conservan **rexistros e xustificantes adecuados de todas as transaccións e pagamentos realizados** (importe, obxecto, partes...). Asegurarase, igualmente, de que ditos rexistros e xustificantes se gardan nun lugar seguro, tal como armarios de seguridade.

2.2.- Política de Prevención do branqueo de diñeiro.

As persoas involucradas en actividades delituosas, tales como, por exemplo, tráfico de armas, drogas, etc., intentan “branquear” o diñeiro procedente de tales actividades, ben para escondelo, ben para facelo parecer como lexitimamente obtido. Máis dun centenar de países contan con leis contra esta actividade de branqueo, entre eles España.

A Corporación RTVG ten a firme vontade de dar cumprimento a todas as normas existentes contra o branqueo de diñeiro, de maneira que só manterá relacóns contractuais con terceiros respectables, dedicados a actividades legais e cuxos fondos proceden de fontes igualmente legais.

A Corporación RTVG debe asegurarse de que non se aceptan formas de pagamento que foran ou que poidan ser identificadas como formas de branquear diñeiro. Neste sentido, a **integridade e reputación da organización pode verse danada gravemente se non se detectan esas operacións de risco.**

Responsabilidades dos integrantes da CORPORACIÓN RTVG respecto á presente política sobre pagamentos:

A política antibranqueo da Corporación RTVG implica para todos os traballadores:

- Contratar só con terceiros respectables, involucrados en negocios legais e cuxos fondos procedan de fontes recoñecidas. A extensión e profundidade dos traballos de comprobación por parte do persoal da Corporación RTVG variará atendendo á natureza do servizo ou do obxecto da operación e importe da mesma. Neste sentido, a Corporación RTVG, a través das correspondentes fichas técnicas ou pregos de condicións, establecerá os datos que deben ser proporcionados polos potenciais terceiros cos que se vaia contratar.
- Utilizar sempre formas aceptables de pagamento, cumplindo a normativa interna relativa á autorización e adxudicación de operacións e contratos, con especial atención á regulación contida no documento “**Procedementos de xestión económica**”.
- Prohibir o uso de contas correntes anónimas.
- Informar de inmediato, en canto se teñan sospeitas de que hai unha actividade de branqueo de diñeiro (ou outro tipo de corrupción) ao Órgano de Supervisión.

A efectos de cautela, sinálanse formas de pagamento ou operacións respecto ás que é necesario sempre prestar especial atención:

²

- Pagamentos en metálico ou mediante cheques ao portador .
- Pagamentos realizados en divisas distintas ás especificadas no contrato ou acordo ou na factura.
- Pagamentos realizados a ou por terceiros non mencionados no contrato correspondente.
- Pagamentos ou cargos en conta que non sexa a conta habitual en transaccións con determinada persoa ou entidade, sempre que se descoñeza o destino dos fondos transferidos.
- Pagamentos en contas bancarias abertas en oficinas situadas en paraísos fiscais.
- Pagamentos extraordinarios non previstos nos contratos.

Operacións nas que a outra parte está relacionada, directa ou indirectamente, cun país identificado como “paraíso fiscal”. Existe unha lista oficial de paraísos fiscais elaborada pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE). Igualmente, a Axencia Tributaria conta coa súa propia lista, que actualiza periodicamente e que se pode consultar en https://www.agenciatributaria.es/static_files/AEAT/Contenidos_Comunes/La_Agencia_Tributaria/Segmentos_Usuarios/Empresas_y_profesionales/Foro_grandes_empresas/Criterios_generales/Lista_paraicos_fiscales_DGT.pdf

Responsabilidades adicionais dos Responsables do Departamento Económico e de Contabilidade (e daqueles mandos que poidan ter contacto con transaccións sospeitosas):

Os responsables do Departamento Económico e de Contabilidade terán as seguintes obrigas adicionais para previr o branqueo de capitais:

² En España, a Lei 7/2012, do 29 de outubro, en materia de lucha contra a fraude e aplicable cando na operación intervén un empresario, prohíbe realizar pagamentos en efectivo ou mediante cheque ao portador por importe igual ou superior a 2.500 € (artigo 7).

- Definir ao persoal claramente as formas aceptables de pagamento e os controis a realizar sobre estas (sistema de vixilancia).
- Formación periódica na materia dos traballadores en contacto con transaccións comerciais.
- Asegurarse de que os traballadores que participan nestas transaccións informan ao responsable directo do desenvolvemento das operacións.
- Comprobar periodicamente a vulnerabilidade da CORPORACIÓN RTVG ante estas actividades.
- No caso de calquera dúbida xurídica, consultar de inmediato co Órgano de Supervisión da Corporación RTVG (especialmente se houbese transaccións con elemento internacional polo medio).
- Informar de inmediato, en canto se teñan sospeitas de que hai unha actividade de branqueo de diñeiro (ou outro tipo de corrupción) ao Órgano de Supervisión.
- Solicitar ao Órgano de Supervisión as auditorías internas que sexan precisas sobre estes temas.

2.3. Política de relacións coas Administracións Públicas.

A Corporación RTVG constituíuse, por tempo indefinido, mediante a *Lei 9/2011, de 9 de novembro, para a xestión do servizo público de radiodifusión e televisión na Comunidade de Galicia*, e sendo o seu capital integralmente desembolsado pola Xunta de Galicia, relaciónnase, no desenvolvemento das súas actividades, con Administracións locais, a Administración Autonómica, a Administración Estatal, así como con outras entidades públicas.

Nas súas relacións coas entidades públicas, a Corporación RTVG comprométese, e así o traslada aos administradores, apoderados, directivos e traballadores, a comportarse sempre ao máis alto nivel, eticamente falando.

Conforme ao anterior, todo integrante da Corporación RTVG, nas súas relacións coas Administracións Públicas deberá:

- Respectar sempre todos os procedementos e todos os principios aplicables á Corporación RTVG previstos no Código de Conduta e, en xeral, no Sistema de Prevención nas súas relacións con entidades públicas.
- Respectar sempre as regras e normas en xeral -en especial, as de contratación pública- aplicables ao caso.
- Non facilitar ou prometer regalos nin dádivas a ningún funcionario, oficial ou representante en xeral de ningún governo (local, autonómico, estatal) nin recibilas dos mesmos.
- Non ofrecer oportunidades de emprego ou de negocio ou servizos de utilidade persoal a representantes da Administración Pública (ou os seus familiares, amigos, etc.).
- No incorrer, nas súas relacións coa Administración, en gastos de representación inxustificados e con finalidades diferentes á consecución do obxecto social.
- Non prestar ou prometer, dar, solicitar ou obter información e/ou documentos confidenciais ou doutro tipo que poden poñer en perigo a integridade ou a reputación dunha ou ambas partes.
- Respectar as normas de conflito de intereses e as regulacións relativas á contratación, contactos con e/ou actividades de funcionarios, **incluso cando estes xa non estean en activo.**
- Asegurarse de que todas as comunicacións, incluíndo os informes, manifestacións, declaracións, propostas e reclamacións feitas a entidades gobernamentais e entidades públicas en xeral son correctas, completas e verdadeiras e se realizan, sempre que resulte posible, por vía telemática.

Cando se solicita a calquera ente público subvencións, subsidios ou financiamento para a empresa, todos os suxeitos implicados en tales procedementos deben:

- Cumprir con corrección e veracidade, utilizando e presentando declaracóns e documentos completos e relativos ás actividades para as cales os beneficios poden ser lexitimamente obtidos.
- Destinar as subvencións, unha vez obtidas, ás finalidades para as cales foron solicitadas.
- Cumprir escrupulosamente as condicións recollidas nos contratos de financiamento subscritos.

2.4. Política de Conflitos de Intereses.

2.4.1. Política de Conflito de Intereses xeral

Ningún traballador, directivo ou colaborador usará indebidamente o nome da Corporación RTVG nin a súa influencia, nin desacreditará coas súas actuacións o bo nome e a boa reputación da entidade.

Todo membro da Corporación RTVG deberá evitar situacóns que puidesen dar lugar a un conflito entre os intereses persoais e os da entidade, absténdose de representar a Corporación RTVG e intervir ou influír na toma de decisións en calquera situación na que, directa ou indirectamente, el mesmo ou un parente próximo, tivese un interese persoal. Deberá actuar sempre no cumprimento das súas responsabilidades, con lealdade e en defensa dos intereses da Corporación RTVG

En particular:

- **Contratación de persoal:** os intereses individuais ou as relacións cunha persoa non deben influír sobre as decisións de contratación de persoal.
- **Realización doutras actividades por conta propia ou allea:** sen prexuízo do disposto, no seu caso, no correspondente contrato de traballo coa Corporación RTVG en canto a exclusividade, respecto das actividades desenvolvidas fóra da mesma, resulta aplicable o disposto na *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas*, así como polo establecido nos estatutos da Corporación RTVG que se rexen polos seguintes **principios xerais**:

1.- Os membros do Consello de Administración terán dedicación exclusiva e estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades de altos cargos da Administración Autonómica. A súa condición será en todo caso incompatible coa de membro do Parlamento ou do Goberno, co exercicio de calquera cargo de elección ou designación política ou coa pertenza a organismos de dirección en partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais.

Así mesmo, os membros do Consello de Administración non poderán ter intereses directos nin indirectos con empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de producción ou de distribución de películas ou outros programas ou con calquera tipo de entidade relacionada co subministro ou dotación de material ou programas á Corporación RTVG.

2.- O persoal da Corporación RTVG non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, **dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público**, salvo nos supostos previstos na Lei 53/1984.

3.- **Non se poderá percibir**, salvo nos supostos previstos na Lei 53/1984, más dunha remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes ou con cargo aos dos órganos constitucionais, ou que resulte da aplicación de arancel, nin exercer opción por percepcións correspondente a postos incompatibles.

4.- En calquera caso, **o desempeño dun posto de traballo na Corporación RTVG será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.**

De acordo co anterior, o persoal da Corporación RTVG non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

Exceptúanse de dita prohibición as actividades particulares que, no exercicio dundereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

Do mesmo xeito, quedan excluídas do réxime de incompatibilidades as actividades seguintes:

- a) As derivadas da Administración do patrimonio persoal ou familiar, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 53/1984.
- b) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en Centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teña carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano, así como a preparación para o acceso á función pública nos casos e forma que regulamentariamente se determine.
- c) A participación en Tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas Administracións Públicas.
- d) A participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lles correspondan, na forma regulamentariamente establecida.
- e) O exercicio do cargo de Presidente, Vogal ou membro de Xuntas reitoras de Mutualidades ou Patronatos de Funcionarios, sempre que non sexa retribuído.
- f) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.
- g) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social; e
- h) A colaboración e a asistencia ocasional a Congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional.

En calquera caso, para poder exercer unha segunda actividade (pública ou privada, xa sexa por conta propia ou allea) por calquera traballador da Corporación RTVG, será requisito indispensable obter unha previa e expresa autorización ou recoñecemento de compatibilidade.

O réxime en materia de incompatibilidades atópase desenvolvido na Circular interna sobre normativa de incompatibilidades de 13 de outubro de 2014, podendo acudir departamento de Recursos Humanos para calquera tipo de dúbida ao respecto.

- **Participación propia ou de familiares ata o segundo grao no capital, órgano de administración ou de dirección en (i) empresas do sector da radiotelevisión; ou (ii) empresas que prestan servizos, subministran ou colaboran coa Corporación RTVG:** dita participación deberá ser comunicada inmediatamente ao Órgano de Supervisión, absténdose de intervir na toma de decisións relativa á empresa en cuestión.
- **Prohibición de que os directivos abusen da súa autoridade**, aproveitando servizos dos traballadores para propósitos persoais.
- **Prohibición de utilizar a propiedade da Corporación RTVG** (equipos, documentos, arquivos) para propósitos persoais ou retirala das instalacións sen a debida autorización do superior.
- **Prohibición de retirar ou copiar información**, programas ou documentos das instalacións da corporación sen autorización.
- **Uso de Internet e correo electrónico:** accederase a Internet e usarase o correo electrónico para fins profesionais.
- **A expresión de opinións persoais en público** non debe realizarse de tal forma que dea a impresión de representar con tales opinións a Corporación RTVG.
- Evitar accións ou relacións que poidan entrar ou que pareza que están en **conflicto coas súas responsabilidades** ou co seu traballo.
- **Non aceptar**, persoalmente, a prestación de **servizos nos que a Corporación RTVG podería ter interese** e aos que se teña ter acceso polo seu traballo ou posición na mesma.
- **Revelar as actividades fóra de Corporación RTVG**, intereses financeiros e relacións (por exemplo familiares) **que poidan supoñer un conflicto de intereses** (ou a apariencia dun conflito) ao Órgano de Supervisión. Ditas revelacións realizaranse por escrito a través do formulario “**Declaración de conflicto de intereses xeral**” (Anexo II). O referido formulario será cuberto por todo membro da Corporación RTVG cando entre a formar parte da sociedade.

- No entanto, todo membro deberá informar de calquera cambio na declaración realizada (sen prexuízo de que se decida pola Corporación RTVG realizar automaticamente unha renovación periódica do formulario respecto de todos os seus membros).
- Poñer en coñecemento do Órgano de Supervisión **calquera interese que, en nome propio ou dun terceiro, teña nunha determinada actuación da Corporación RTVG ou calquera conflito de intereses** no que se atope, co fin de adoptar as decisións oportunas en cada circunstancia concreta e evitar que a súa actuación imparcial se poida ver comprometida.
- No caso de coñecer un conflito ou posible conflito de intereses que afecte a algún outro empregado, directivo, etc. da Corporación RTVG sen que esta última teña coñecemento do mesmo, comunicalo ao Órgano de Supervisión. A dita comunicación poderá ser verbal ou escrita, pero sempre se garantirá o carácter **confidencial** da mesma.

Do mesmo xeito, **os traballadores deberán comunicar ao Órgano de Supervisión as seguintes cuestións**, desde o momento en que teñan coñecemento das mesmas (garantíndose, igualmente, o carácter confidencial da comunicación):

- Participación non comunicada á Corporación RTVG en **órganos de Entidades Non Lucrativas** (órganos universitarios, centros hospitalarios, oenegés ou calquera outra entidade similar) por membros da Corporación RTVG **cando tal participación poida afectar á mesma** (por exemplo, se existise algún tipo de contrato ou convenio coa devandita institución).
- Solicitudes por parte dun empregado ou directivo da Corporación RTVG a provedores e a outras entidades colaboradoras de achegas a entidades sen ánimo de lucro nas que estea involucrado o primeiro, sen permiso previo e escrito do Órgano de Supervisión.
- **Respecto de amigos, parentes e outras relacións persoais:** en caso de,
 - a) Orientar as relacións contractuais cara a un terceiro cuxo xerente ou cuxa propiedade é (en todo ou en parte) dun familiar ou dun amigo dun empregado ou directivo da Corporación RTVG.

- b) Utilizar o equipo e o material da Corporación RTVG para beneficiar ou axudar dalgunha forma o negocio dun parente ou amigo.
- c) Contratar con carácter preferente ou promover a contratación dos servizos profesionais do cónxuge, parente ou amigo do empregado ou directivo.

2.4.2 Conflito de intereses para os participantes en procedementos de contratacóns

Ademais do anterior, ao obxecto de garantir a imparcialidade nos procedementos de contratación da CRTVG, os participantes na preparación e tramitación con funcións de decisión nestes expedientes deberán presentar para cada expediente unha declaración de ausencia de conflito de interese (Daci). Deberán subscribila todos os participantes na tramitación destes expedientes, xa sexan derivados de contratación pública ou privada, que teñan poder de decisión ou capacidade para influír nela en algunha das fases do proceso, xa sexa na preparatoria, na de valoración/adxudicación ou na de execución do contrato.

Enténdese por conflito de interese (Regulamento UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xullo de 2014) cando o exercicio imparcial e obxectivo do persoal citado no parágrafo anterior se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.

Para evitar o conflito de interese, calquera persoa da Corporación RTVG que interveña nalgunha das fases do proceso de contratación antes citadas deberá abstenerse sempre que:

- a) Teña interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Teña amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Interveña como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Teña relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

Todos os participantes que teñan poder de decisión ou capacidade para influír nunha contratación e que participen nalgúnha das fases do proceso, xa sexa na preparatoria, na de valoración/adxudicación ou na de execución do contrato deberán subscribir esta declaración.

No caso de contratacóns derivadas da normativa de contratación pública, será a subdirección do departamento de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns da Corporación RTVG a encargada de solicitar a súa sinatura.

No resto de contratacóns, será o Órgano de Contratación o encargado de solicitala.

2.4.3. Conflito de interese do persoal directivo

Sen prexuízo de asinar as correspondentes DACIS reguladas no apartado anterior, o Director xeral e os directivos que contén con poderes para contratar en nome da Corporación RTVG non poderán ter interese directo ou indirecto con empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de producción ou distribución de películas cinematográficas ou de programas ou en calquera tipo de entidade relacionada co subministro ou dotación de material ou de programas á Corporación RTVG.

Por interese indirecto enténdese a participación de familiares ata o segundo grao no capital, órgano de administración ou de dirección destas empresas.

Presentaran no momento do seu nomeamento unha declaración sobre estes extremos que deberá ser renovada anualmente.

2.4.3. Para evitar os conflitos de interese, a Corporación RTVG desenvolve as seguintes accións:

- Aplicación do Sistema de Prevención de Delitos
- Comunicación e información ao persoal sobre os conflitos de interese e como evitálos. Fomentarase a sensibilización dirixida a todos os niveis xerárquicos, co obxectivo de que tomen conciencia da importancia da detección dos conflitos de interese.
- Medidas encamiñadas a mellorar a independencia e segregacións de funcións para que nas diferentes fases da contratacóns interveñan diferentes persoas.
- Asinar a declaración de conflito de interese que corresponda.

2.4.4. Comunicación do conflito de interese

Todo o persoal da Corporación RTVG, e especialmente o persoal con funcións de dirección e con facultades ou poder na toma de decisións, ten a obriga de comunicar as posibles situacións de conflito de interese ao Órgano de Supervisión.

A comunicación dun conflito de interese implicará a obriga inmediata de absterse de executar calquera acción que poida significar a materialización do conflito ata que se resolva.

2.4.5. Resolución do conflito de interese

O Órgano de Supervisión, cando teña coñecemento dun conflito de interese, solicitará ao superior xerárquico do implicado unha análise do asunto, na que se debe garantir o respecto aos dereitos das persoas implicadas, especialmente o de presunción de inocencia. Esta análise debe contar cun informe descriptivo dos feitos, ao que se incorporan, no seu caso, as evidencias ou probas que permitan valorar a existencia do conflito de interese.

Este informe será notificado á persoa afectada e conterá:

- Unha breve descripción dos feitos comunicados ou coñecidos.
- Unha breve descripción dos feitos comprobados e dos elementos de comprobación empregados.
- Unha opinión razoada sobre se existe ou non o conflito de interese.
- As indicacións necesarias para, no seu caso, evitar as consecuencias lesivas.

A persoa afectada disporá dun prazo de 5 días para formular as alegacións que considere necesarias.

O Órgano de Supervisión analizará o informe do superior xerárquico e as alegacións da persoa implicada e decidirá se existe o conflito denunciado ou non.

No caso de que aprecie a efectiva existencia dun conflito de interese, o Órgano de Supervisión comunicarollo ao interesado, á área implicada e, de supoñer medidas disciplinarias, ao departamento de Recursos Humanos.

A área na que preste servizos o persoal cun conflito de interese deberá revisar aqueles traballos que puidesen estar expostos ao conflito, tomando as medidas adecuadas para mininizar ou evitar os seus efectos.

Se o coñecemento do posible conflito ten lugar unha vez consumados os actos que impliquen tomas de decisión posiblemente afectadas polo referido conflito, o superior xerárquico da persoa implicada deberá levar a cabo un estudo profundo do caso para determinar a influencia real do conflito. Se se determina a posible afectación, adoptaranse as medidas necesarias para restituír a situación xa consumada, anulando actuacións cando sexa posible e necesario, e dando conta á dirección de Recursos Humanos por se procedese a apertura dun expediente disciplinario.

2.4.5. Tramitación de proxectos financiados a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Se a Corporación RTVG participase en proxectos que fosen financiados a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aplicará o establecido na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.5. Política de Contabilidade e Fiscalidade.

- Todos os informes financeiros, rexistros contables, notas de gastos e, en xeral, todos os documentos financeiros, fiscais e contables da Corporación RTVG reflecten fielmente o desenvolvemento das operacións e a súa fiscalidade.
- A Dirección Económica e de Contabilidade deberá garantir que cada transacción, operación ou servizo:
 - É lexítimo, coherente, xusto, autorizado e verificable.
 - Está correctamente rexistrado, a fin de permitir a verificación adecuada do proceso de decisión, autorización, adjudicación, pago e desenvolvemento.
 - Se acompaña do soporte documental adecuado que permita, en calquera momento, os controis oportunos sobre as características e razóns que motivaron a operación, así como a identificación de quen autorizaron, adjudicaron, rexistraron, pagaron e verificaron a mesma.
- Todos os integrantes da Dirección Económica e de Contabilidade involucrados nas tarefas de contabilidade/fiscalidade reciben a formación adecuada e constante e son conscientes de que todas as operacións financeiras, comerciais e asociadas deben ser adecuadamente contabilizadas.
- A Corporación RTVG encóntrase sometida, en canto ao exercicio da súa función de servizo público, a control parlamentario a través da Comisión Permanente de Control. Anualmente, remítense ao Parlamento autonómico as contas anuais para o seu coñecemento, ao tempo que o Director xeral comparece ante a Comisión de Control. Tamén con carácter anual preséntase á comisión informe referido á execución do contrato e mandato marco, así como unha memoria do servizo público.

- Os administradores, directivos e os seus colaboradores:
 - En relación aos estados financeiros e documentos que deben reflectir a situación económica da Corporación RTVG, asegúranse que reflictan a situación económica, patrimonial e financeira da organización con veracidade, claridade e integridade.
En relación cos estados non financeiros, asegúranse de que os mesmos se elaboran de acordo ao establecido no Real decreto lei 18/2017, de 24 de novembro, polo que se modifican o código de comercio, o texto refundido da lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, e a Lei 22/2015, de 20 de xullo, de auditoría de contas, en materia de información non financeira e diversidade.
 - Respectan puntualmente as solicitudes de información que proveñen dos auditores.
- A Corporación RTVG está sometida á fiscalización da Intervención Xeral e da Xunta de Galicia, así como a auditorías contables e financeiras externas con periodicidade anual. Así mesmo, existe ademais permanentemente unha actividade interna de control orzamentario por parte do departamento Económico e de Contabilidade da Corporación RTVG.
- A documentación contable, financeira e fiscal gárdase e protéxese de forma adecuada (armarios de seguridade), durante os prazos legalmente establecidos, con copias de seguridade, para evitar perdas ou roubos de documentación e/ou de datos. O acceso á información é confidencial, de maneira que só o persoal con competencias na materia ten acceso á mesma e só na medida en que sexa necesario para o seu traballo.
- A facturación faiuse sempre conforme á normativa en vigor. Os traballadores dedicados á facturación reciben a formación adecuada e constante. Os procedementos de facturación están deseñados para asegurarse de que todos os servizos se facturan de forma correcta, co cargo dos impostos que legalmente corresponden en cada caso, asegurándose que non hai facturas duplicadas nin falsas. A emisión de facturas falsas é un delito, e, como tal, todos os traballadores están advertidos e son conscientes da gravidade de tal feito.

- O descrito nos apartados anteriores é de aplicación para o caso das facturas recibidas.
- Os traballadores informarán inmediatamente ao Órgano de Supervisión en caso de detectar algunha irregularidade contable, de facturación e/ou fiscal.

V. ÓRGANO DE SUPERVISIÓN

A) Características, composición e funcionamento do Órgano de Supervisión

O Órgano de Supervisión constitúe un órgano dentro da organización encargado de vixiar o funcionamento e a observancia do Sistema de Prevención de Delitos no seu conxunto por todos os integrantes da Corporación RTVG, ocupándose, igualmente, da súa actualización. Do mesmo xeito, o Órgano de Supervisión será o encargado de decidir as accións a adoptar ante o coñecemento de indicios de calquera presunto feito delituoso, infracción do Dereito da Unión Europea e/ou acción ou omisión que poida ser constitutiva de infracción administrativa grave ou moi grave e que poida ter consecuencias para a Corporación RTVG.

A súa función consiste en **supervisar**, sen prexuízo de que as concretas tarefas de execución correspondan aos órganos da Corporación RTVG que resulten concernidos polas políticas ou procedementos en cuestión.

As tarefas asignadas ao Órgano de Supervisión requieren que estea dotado de poderes autónomos de iniciativa e control, tal e como establece o artigo 31 bis 2 CP respecto das condicións que deben cumplirse para que teña lugar a exención de responsabilidade da persoa xurídica (precepto que esixe, concretamente, que a supervisión do funcionamento e do cumprimento do Sistema de prevención implantado sexa confiada a un órgano da persoa xurídica con poderes autónomos de iniciativa e de control).

Dada a transcendencia das tarefas encomendadas ao Órgano de Supervisión, en directa influencia co bo funcionamento do Sistema, este deberá contar de maneira permanente e inequívoca co apoio dos órganos de dirección da Corporación RTVG, así como co apoio do conxunto de Departamentos da Corporación RTVG.

A relevancia das funcións do Órgano de Supervisión deberá verse reflectida non só, como xa se dixo, no apoio dos órganos de dirección da Corporación RTVG, senón tamén na percepción dunha retribución acorde coa súa responsabilidade, contando co correspondente reflexo orzamentario.

En concreto, o Órgano de Supervisión caracterízase polos seguintes requisitos:

- **Autonomía e independencia:** co obxecto de non verse directamente implicado na actividade de xestión que constitúe o obxecto da súa actividade de control. Neste sentido, garantirse a incuestonabilidade por parte dos responsables da Corporación RTVG respecto das decisións adoptadas polo Órgano de Supervisión (sen prexuízo da súa obrigación de informe ou rendición de contas periódica, con carácter, polo menos, semestral e por escrito, ao órgano de competente). Neste sentido, as actividades do Órgano de Supervisión como tal non serán controladas por ningún órgano da organización.

Dadas estas características, o Órgano de Supervisión ocupará no **organograma** unha posición destacada.

O Órgano de Supervisión da Corporación RTVG contará con recursos financeiros suficientes para o desenvolvemento das súas competencias e responsabilidades, aprobándose, a estes efectos, anualmente, a partida orzamentaria que se destinará a organizar un adecuado control e supervisión do Sistema.

- **Profesionalidade:** o Órgano de Supervisión debe contar con competencias técnico-profesionais adecuadas ás funcións que foi chamado a desempeñar; funcións que, unidas á independencia, garantan a obxectividade do control.
- **Apoio do resto de áreas da CORPORACIÓN RTVG:** o Órgano de Supervisión terá autorizado o acceso a todas as funcións e actividades da Corporación RTVG (sen necesidade de acordos previos) para solicitar aqueles datos ou informacións que considere necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. Igualmente, poderá valerse da axuda de todas as estruturas e departamentos da Corporación RTVG e tamén de asesores externos para a realización das súas funcións, así como requisir a colaboración dos representantes legais.

O apoio que toda a estrutura da Corporación RTVG debe prestar ao Órgano de Supervisión non implica que este deba executar tarefas (por exemplo, redacción de protocolos ou procedementos) que corresponden a outros Departamentos, estando reservado ao Órgano de Supervisión a supervisión de devanditas tarefas, en tanto que é un órgano de supervisión e non executivo.

- **Continuidade da acción do Órgano de Supervisión**, que debe:
 - Traballar constantemente na vixilancia do Sistema de Prevención de Delitos cos necesarios poderes de investigación.
 - Garantir a continuidade da actividade de vixilancia.
 - Asegurar a actualización continua do Sistema de prevención de delitos.
 - Non manter vinculacións operativas que poidan condicionar a visión de conxunto das actividades sociais que a este órgano se lle require.
- **Probidade**: en ningún caso, os membros do Órgano de Supervisión poderán atoparse na condición xurídica de suspendidos, inhabilitados, insolventes ou condenados a unha pena que implique a suspensión de emprego ou cargo público, aínda que sexa temporal, ou a inhabilitación para desenvolver postos directivos. Tampouco poderán estar sometidos a medidas cautelares impostas polos Tribunais, excepción feita dos efectos da rehabilitación. Se se producira algúun destes supostos de incompatibilidade, adoptaranse as medidas oportunas para a súa substitución.

O cargo de Órgano de Supervisión para a Corporación RTVG é asumido, actualmente, en virtude do nomeamento efectuado ao seu favor polo Director xeral, aceptando o seu cargo por escrito:

- Martina Puente Nogueira (presidenta)
- M^a Dolores Armada Barreiro (vogal)
- Marisol Pereiro Álvarez (secretaria)

A elección do Órgano de Supervisión realizouse por ser unhas profesionais cualificadas e con experiencia en actividades relacionadas coas materias contidas no Sistema de Prevención.

O Órgano de Supervisión conta cun Regulamento interno que regula a súa actuación e a forma de proceder no caso de que chegara a coñecemento do Órgano de Supervisión algunha infracción do Sistema de Prevención de Delitos, do Dereito da Unión Europea e/ou dunha infracción administrativa grave ou moi grave, ou cando se iniciara unha investigación ou procedemento penal contra a Corporación RTVG.

B) Funcións.

- Asumir a función de Responsable do **Sistema Interno de Información** (canle de cumprimento), sendo designado un dos seus membros como persoa física responsable do referido sistema, ao amparo do disposto na Lei 2/2023, coas funcións de supervisar e vixiar o funcionamento, a eficacia e o cumprimento do Sistema resolvendo cantas dúbidas se susciten polos integrantes da Corporación RTVG.
- **Recibir e investigar** as comunicacións sobre presuntos feitos contrarios ao Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións administrativas graves ou moi graves e que poidan ter consecuencias para a Corporación RTVG.
- **Dirixir** as accións que sexan necesarias en materia de prevención e detección de delitos, incluíndo a capacidade de deseñar e coordinar auditorías internas e os correspondentes mecanismos de resposta, así como asegurarse de que se están efectuando os traballois necesarios para a implementación das accións ou medidas e a súa execución.
- **Informar** periodicamente ao Director xeral da Corporación sobre a implantación e desenvolvemento das actividades na materia, sen vulnerar o anonimato das comunicacións e/ou a confidencialidade esixida pola normativa vixente.
- Promover, impulsar, desenvolver, coordinar e participar nos **programas de formación** que se centren en materia de prevención de delitos, co obxectivo de que todos os traballadores teñan coñecemento e comprendan o Sistema de Prevención de Delitos e o seu funcionamento práctico.
- Encargarse de que se **rexistren e arquiven**, debidamente cumplimentados, os Anexos e formularios aos que fai referencia o Sistema de Prevención de Delitos (“Declaración de entrega e coñecemento”; “Declaración de conflito de intereses”), así como os xustificantes de formación e avaliacións de aproveitamento realizadas aos traballadores.

- Formular **propostas** ao Director xeral da Corporación respecto de eventuais actualizacións e melloras do Código e, en xeral, do Sistema de Prevención, de conformidade co disposto no apartado VIII da Parte Especial deste documento.
- **Asistir** ao Director xeral no establecemento de mecanismos para mellorar a eficiencia da organización na calidade dos servizos e reducir a vulnerabilidade da mesma en materias como delitos contra a intimidade, corrupción nos negocios e calquera outro incumprimento do Sistema de Prevención de Delitos.
- **Asegurarse** de que se están efectuando os traballos necesarios para a implementación das medidas e a súa execución.
- **Asegurarse** de que os terceiros que prestan servizos ou que colaboran, de calquera outro xeito, coa Corporación RTVG coñecen e respectan o Sistema de Prevención de Delitos.
- No caso de que se comproben infraccións, violacións ou incumplimentos do Código e, en xeral, do Modelo de Prevención, **informar inmediatamente** ao Director Xeral sen vulnerar o anonimato das comunicacións, salvo nos casos en que está expresamente permitido pola normativa vixente.

C) Deber de segredo.

O Órgano de Supervisión e os seus colaboradores están obrigados a manter o segredo en relación coas informacións coñecidas no exercicio das súas funcións, a condición de que a súa revelación non sexa requirida pola autoridade xudicial ou administrativa competente.

Igualmente, o Órgano de Supervisión absterase de recibir e utilizar información reservada para fins distintos dos previstos no apartado anterior, e, en calquera caso, para obxectivos contrarios ás súas funcións.

En todos os casos, calquera información en mans do Órgano de Supervisión debe ser tratada de conformidade coa lexislación vixente na materia e, en particular, de acordo co disposto na *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Pessoais e garantía dos dereitos dixitais*. A inobservancia dos referidos deberes constitúe unha xusta causa de revogación do cargo.

VI. SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN: CANLE DE CUMPRIMENTO.

A Corporación RTVG pon a disposición de todos os seus integrantes e terceiros unha canle específica de denuncias na páxina web da Xunta de Galicia. Nela poderase efectuar por escrito, de forma anónima ou confidencial, comunicacions de posibles infraccións do Sistema de Prevención de Delitos, feitos delituosos, infraccións do Dereito da Unión Europea e/ou accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. As comunicacions que se efectúen a través da canle interna de información serán recibidas polo Órgano de Supervisión, como Responsable do sistema interno, na persoa física designada para realizar dita función. A través da páxina web da Corporación RTVG e da intranet corporativa poderase acceder a esta canle.

Tamén se poderán realizar por correo postal á seguinte dirección: Órgano de Supervisión Bando-San Marcos, s/n. 15820. Santiago de Compostela.

Ofrécese tamén a posibilidade de informar sobre infraccións normativas, a pedimento do informante, mediante unha **reunión presencial** co Responsable do Sistema Interno de Información ou coa persoa designada para a xestión do indicado Sistema.

As comunicacions que se efectúen da canle de cumprimento serán recibidas polo Órgano de Supervisión como Responsable do Sistema Interno de Información e, especificamente, polo membro do referido Órgano en quen se delegara a función de recepción das comunicacions.

A Corporación RTVG garante o anonimato e a confidencialidade do informante, de forma que a súa identidade en ningún caso será revelada a terceiros fora dos casos previstos na lei. En todo caso, o informante ten a garantía de que será protexido por todos os medios ao alcance de fronte a calquera forma de represalia.

A utilización do sistema interno de información é un medio que a Corporación RTVG pon a disposición dos seus integrantes e de terceiros, aos efectos de potenciar a cultura de cumprimento e previr a comisión de delitos no seo da organización. Debe realizarse unha axeitada utilización de dita canle, quedando prohibida a imputación de feitos, como coñecemento da súa falsidade, con temerario desprezo cara á verdade ou terxiversadas, podendo derivarse de dita inadecuada utilización responsabilidades nos termos contemplados no ordenamento vixente.

VII. VERIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO SISTEMA

Os Modelos de Xestión do risco, comprensivos da detección, prevención e reacción fronte ao risco, non poden ser un elemento estático, inmutable, senón que deben adaptarse aos cambios que teñen lugar no seo da propia organización, no sector no que opera ou no marco xurídico de referencia.

Por este motivo, para que a execución das medidas de vixilancia e control contidas no presente Sistema de Prevención de Delitos poida cualificarse de eficaz deberá realizarse, unha verificación periódica ou monitorización do seu funcionamento, e ademais deberase proceder á súa modificación cando a fagan necesaria os cambios que poidan darse na organización (entre estes cambios cabe considerar incluída a variación nas actividades operativas ou a introdución de novos servizos con posibles actividades sensibles) e na estrutura de control (artigo 31 bis .5. 6º do Código Penal).

Ademais dos supostos expresamente previstos na norma penal que se acaba de citar, tamén deberá procederse á verificación e, no seu caso, modificación do Sistema cando:

- Fosen comunicados ao Órgano de Supervisión incumplimentos ou disconformidades co Sistema.
- Fose notificada a normativa que regula a materia.
- Así o esixa a evolución xurisprudencial.
- Cando doutro xeito se chegou a coñecer a insuficiencia do Sistema para previr os riscos de comisión de delito.

No noso ordenamento xurídico, o Código Penal non establece o prazo no que debe ter lugar a verificación periódica do Sistema, estimándose como razonable, a falla doutras indicacións, que se proceda á revisión deste polo menos unha vez ao ano, do que deberá quedar constancia no informe que o Órgano de Supervisión eleve ao Director xeral da Corporación.

Tampouco está sinalado no noso ordenamento xurídico o xeito no que se levará a efecto a verificación periódica que, de conformidade co que é común no derecho comparado da nosa contorna, poderá efectuarse mediante auditorías internas ou externas ou mediante controis aleatorios efectuados polo Órgano de Supervisión, que deberá contar sempre coa colaboración do resto de departamentos ou direccións da organización.

Cando o Órgano de Supervisión considere que a verificación periódica ou a modificación do Sistema revisten certa complexidade, poderá valerse do auxilio de colaboradores externos para tal tarefa.

VIII. INFORMACIÓN/FORMACIÓN

Aínda que non está expresamente requirido polo Código Penal, resulta evidente que a implementación e funcionamento das políticas de cumprimento normativo requiren formación/información para todos os integrantes da Corporación RTVG, con independencia do seu lugar no organigrama, de modo que todos e cada un deles teña unha noción clara das súas responsabilidades e dereitos. Esta actividade de formación diferenciarase, tanto polos contidos como pola forma de ser impartida, en función de determinados parámetros, tales como a cualificación dos destinatarios, o nivel de risco da área na que operan, ou ostentar máis ou menos poderes de representación.

O Órgano de Supervisión encargarase de organizar seminarios, presentacións e outros eventos formativos/informativos ao obxecto de actualizar coñecementos a todos os membros da Corporación RTVG, que se poderá realizar a través de cursos en liña.

O Órgano de Supervisión levará un rexistro informatizado das actuacións formativas/informativas realizadas no que se incluirán, respecto de cada unha delas, a data de realización, os seus contidos e unha relación dos asistentes e valoración do seu aproveitamento.

É obligatoria a recepción de información/formación na materia.

ANEXO I

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DO SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS E ADHESIÓN A ESTE		
Nome e apelidos:		
Cargo:		
Data de hoxe:		
Data de incorporación:		
Teléfonos de contacto/correo electrónico:		
<p>CORPORACIÓN RTVG, DE ACORDO COAS SÚAS POLÍTICAS ADOPTADAS PARA PREVIR A COMISIÓN DE DELITOS E EN CUMPRIMENTO DO CÓDIGO PENAL, INFORMA AO TRABALLADOR/DIRECTIVO SOBRE AS SÚAS RESPONSABILIDADES NO SEU POSTO OU CARGO, FACÉNDOSELLE ENTREGA NESTE ACTO DO SISTEMA DE PREVENCIÓN DE DELITOS</p>		
	SI	3 NO
O asinante acusa recibo da documentación entregada.		
Coñece na súa integridade o contido da documentación.		
Comprométese a seguir estritamente coas instrucións sinaladas na documentación recibida.		
Coñece as severas sancións que se lle poden impoñer no caso de incumprimento das obrigacións do Sistema de Prevención.		
Comprométese de forma expresa a comunicar calquera situación, feito ou indicio do que teña coñecemento directo ou indirecto que supoña ou poida supoñer un incumprimento do Sistema de Prevención, un feito delituoso, infracción do Dereito da Unión Europea, infracción administrativa grave ou moi grave, ao Órgano de Supervisión, describindo os indicios ou feitos detectados.		
Firma:		
<p>Importante: o empregado/directivo debe cubrir este Formulario cando se incorpore (cada vez que se efectúe unha actualización relevante do Sistema de Prevención. Este formulario debe ser adecuadamente arquivado polo Órgano de Supervisión.</p>		

ANEXO II

DECLARACIÓN DE CONFLITO DE INTERESES	
Nome e apelidos:	
Categoría	
Data de hoxe	
Teléfonos de contacto/correo electrónico:	

DECLARO

NON me atopo en ningunha situación de conflito de interese.

SI me atopo en situación de conflito de interese (por un interese financeiro ou de investimento, por un conflito inmobiliario, por actividades externas, por conflito persoal ou familiar).

Sinatura

